

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 130

IX lexislatura

1 de xullo de 2013

SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Cualificación das emendas ao articulado ao Proxecto de lei de inclusión social de Galicia (8061, 09/PL-000010)

- Do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 9402) [30481](#)
- Do G.P. Popular de Galicia (doc. 9408) [30492](#)
- Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 9411) [30497](#)
- Do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (doc. núm. 9413) [30518](#)

Cualificación das emendas ao articulado ao Proxecto de lei de prestacións sanitarias (8060, 09/PL-000009)

- Do G.P. Popular de Galicia (doc. 9401) [30529](#)

- Do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 9404) [30531](#)
- Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 9409) [30546](#)
- Do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (doc. núm. 9410) [30552](#)

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Cualificación de emendas ao articulado presentadas á Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular Valentín Paz-Andrade, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía (09/PPLI-000004)

- Do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 9400) [30560](#)
- Do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 9403) [30563](#)
- Do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (doc. núm. 9412) [30565](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

Aprobación sen modificacións

- 8206 (09/PNC-000693)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Blanco Paradelo, Moisés e 7 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para impulsar a contratación de seguros agrarios, co fin de avanzar no proceso de inclusión no seguro de todos os sectores produtivos e dos riscos naturais que afectan as explotacións [30479](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

A Mesa da Comisión Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na reunión do 1 de xullo de 2013, adoptou o seguinte acordo:

Cualificación das emendas ao articulado ao Proxecto de lei de inclusión social de Galicia (8061, 09/PL-000010)

Examinados os escritos presentados e dado que se axustan aos requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acordan a súa admisión co seguinte detalle:

Emendas ao articulado:

- Do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 9402)
- Do G.P. Popular de Galicia (doc. 9408)
- Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 9411)
- Do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (doc. núm. 9413)

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2013

Pilar Rojo Noguera
Presidenta

A Mesa da Comisión Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na reunión do 1 de xullo de 2013, adoptou o seguinte acordo:

Cualificación das emendas ao articulado ao Proxecto de lei de prestacións sanitarias (8060, 09/PL-000009)

Examinados os escritos presentados e dado que se axustan aos requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acorda a súa admisión co seguinte detalle:

Emendas ao articulado:

- Do G.P. Popular de Galicia (doc. 9401)
- Do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 9404)
- Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 9409)

– Do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (doc. núm. 9410)

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2013

Pilar Rojo Noguera
Presidenta

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

A Mesa da Comisión 4ª, Educación e Cultura, na reunión do 1 de xullo de 2013, adoptou os seguintes acordos:

Cualificación de emendas ao articulado presentadas á Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular Valentín Paz-Andrade, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía (09/PPLI-000004)

Examinados os escritos presentados e dado que se axustan aos requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acorda a súa admisión co seguinte detalle:

Emendas ao articulado

- Do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 9400)
- Do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 9403)
- Do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (doc. núm. 9412)

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2013

Pilar Rojo Noguera
Presidenta

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, na súa sesión do 28 de xuño de 2013, adoptou os seguintes acordos:

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

Aprobación sen modificacións

- 8206 (09/PNC-000693)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Blanco Paradelo, Moisés e 7 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para impulsar a contratación de seguros agrarios, co fin de avanzar no proceso de inclusión no seguro de todos os sectores produtivos e dos riscos naturais que afectan as explotacións

BOPG nº 109, do 28.05.2013

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 7 votos a favor, 5 votos en contra e 0 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a seguir desenvolvendo cantas medidas de apoio sexan precisas para incentivar a contratación de seguros agrarios, co obxectivo de avanzar no proceso de inclusión no seguro de todos os sectores produtivos e dos riscos naturais que afectan as explotacións».

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2013

María Soledad Soneira Tajés
Vicepresidenta 2ª

**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO
SOCIALISTAS DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI DE INCLUSIÓN
SOCIAL DE GALICIA (NUM. EXPE. 09/PL-000019).**

Emenda nº1, ao apartado 1.f, de Adición. Artigo 3

Débese engadir ao final da letra f do punto 1 do artigo 3 a seguinte expresión:
Engadir in fine: "..., ou ser menor de idade."

Emenda nº2, ao apartado I, de Adición. Artigo 3

Débese engadir unha nova letra I bis no punto1 do artigo 3, que quedará redactada co seguinte contido:
"I bis. Persoas vítimas de violencia doméstica."

Emenda nº3, ao apartado 1, de Adición. Artigo 5

Débese engadir ao final do punto 1 do artigo 5 a seguinte expresión:
Engadir in fine: "...Este principio manterase tamén na relación coa Administración Xeral do Estado e co resto de comunidades autónomas, asegurando que se respecta a equidade de trato entre todos os cidadáns do Estado."

Emenda nº4, ao apartado 1, de Adición. Artigo 5

Débese engadir un novo punto 7 ter no artigo 5 que quedará redactado co seguinte contido:
"1 bis. A consellería competente en materia de traballo e política social impulsará a transversalidade das medidas incluídas nesta lei e calquera outra que poida favorecer a inclusión social.

En particular promoverá que se leven a cabo actuacións relacionadas co acceso á educación e a sanidade públicas,

universais, de calidade e que garantan a igualdade de oportunidades, impedindo que a través da redución de becas, encarecemento das matrículas ou copagos se dificulte o acceso das persoas con menos recursos a estes dereitos."

Emenda nº5, ao apartado 4, de Modificación. Artigo 5

Emenda de carácter xeral. Debese modificar ao longo de todo o proxecto de lei a seguinte expresión:
Onde di: "...beneficiarios/as..." debe dicir: "...usuarios/as..."

Emenda nº6, ao apartado 5, de Modificación. Artigo 5

Débese modificar o punto 5 do artigo 5 que quedará redactado co seguinte contido:

"5. Participación, diálogo social e diálogo civil: a Xunta de Galicia manterá abertas as canles de diálogo social institucional cos axentes sociais e representantes das entidades de iniciativa social no seguimento das medidas reguladas nesta lei de cara á súa mellora, adaptación e perfeccionamento."

Emenda nº7, ao apartado 6, de Modificación. Artigo 5

Débese modificar o punto 6 do artigo 5 a seguinte expresión:
Onde di: "...colaboración complementaria das entidades de iniciativa social tanto na aplicación de recursos..." debe dicir: "...colaboración complementaria das entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro tanto na aplicación de recursos..."

Emenda nº8, ao apartado 7, de Adición. Artigo 5

Débese engadir un novo punto 7 bis no artigo 5 que quedará redactado co seguinte contido:

"7 bis. Acción integral e personalizada: as intervencións dos servizos sociais coas persoas e o seu entorno serán abordadas con profesionalidade, de xeito individual e mediante a avaliación integral e personalizada das necesidades, con

respecto dos seus dereitos e, en especial, da súa dignidade e intimidade."

Emenda nº9, ao apartado d, de Supresión. Artigo 13

Débese engadir unha nova letra d bis no artigo 13, que quedará redactada co seguinte contido:

"d bis) Persoas vítimas de trata de seres humanos ou de mulleres estranxeiras vítimas de violencia de xénero que contén cunha autorización de residencia ou traballo por circunstancias excepcionais nos termos que estableza a normativa de aplicación en materia de estranxeiría."

Emenda nº10, ao apartado e, de Modificación. Artigo 15

Débese modificar a letra e) do artigo 15, que quedará redactado co seguinte contido:

"e) Que leven dous anos vivindo nun domicilio independente e que cotizaran, cando menos, un ano á Seguridade Social."

Emenda nº11, ao apartado e, de Adición. Artigo 15

Débese engadir unha nova letra e bis no artigo 15 que quedará redactada co seguinte contido:

"e bis. Que sexan persoas vítimas de trata de seres humanos."

Emenda nº12, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 16

Débese suprimir todo o punto 2 do artigo 16.

Emenda nº13, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 19

Débese modificar o punto 2 do artigo 19, que quedará redactado co seguinte contido:

Onde di: "...profesional de referencia." debe dicir: "...traballador ou traballadora social de referencia."

Emenda nº14, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 26

Débese modificar o punto 3 do artigo 26 que quedará redactado co seguinte contido:

"3. O órgano competente da Administración autonómica de ámbito provincial poderá resolver unha nova incorporación efectiva a este tramo unha vez transcorridos doce meses dende a súa finalización, prorrogable a 18 meses a xuízo dos servizos de emprego."

Emenda nº15, ao apartado 4, de Adición. Artigo 30

Débese engadir un novo punto 4 bis no artigo 30, que quedará redactado co seguinte contido:

"4 bis. As persoas que desenvolvan e perciban o tramo de inserción terán preferencia no acceso a programas de apoio, prazas en escolas infantís e servizos vencellados á Lei de promoción de autonomía persoal e prevención de dependencia, tales como centros de día para maiores, servizo de axuda no fogar, etc."

Emenda nº16, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 31

Débese modificar o punto 3 do artigo 31 que quedará redactado co seguinte contido:

"3. O tramo de transición aboarase por un máximo de nove meses."

Emenda nº17, ao apartado 1.c, de Modificación. Artigo 42

Débese modificar a letra c do punto 1 do artigo 42 que quedará redactada co seguinte contido:

"c) Comunicar no prazo de dez días o acceso a un emprego."

Emenda nº18, ao apartado 3.c, de Modificación. Artigo 42

Débese modificar a letra c do punto 3 do artigo 42, que quedará redactada co seguinte contido:

"c) Facilitar o seguimento do seu caso ao traballador ou traballadora social de referencia dos servizos sociais comunitarios que se lle asigne, e nos termos que se establezan no proxecto de integración social."

Emenda nº19, ao apartado 1.a, de Modificación. Artigo 44

Débese modificar o segundo parágrafo da letra a do punto 1 do artigo 44 que quedará redactado co seguinte contido:

"Entenderase que existe unha minoración do número de membros da unidade de convivencia cando a ausencia dun ou mías membros da vivenda ou aloxamento habitual se prolongue por un prazo igual ou superior a tres meses."

Emenda nº20, ao apartado 1.a, de Modificación. Artigo 48

Débese modificar a letra a do punto 1 do artigo 48 a seguinte expresión:

Onde di: "Estableceranse regulamentariamente os supostos excepcionais para o emprego destas axudas no pagamento de cotas hipotecarias en situacións de crise financeira insuperable da familia por causas sobrevidas e por un tempo máximo de tres cotas mensuais." debe dicir: "Estableceranse regulamentariamente os supostos excepcionais para o emprego destas axudas no pagamento de cotas hipotecarias en situación de crise financeira insuperable da familia por causas sobrevidas e por un tempo máximo de seis cotas mensuais."

Emenda nº21, ao apartado 1, de Adición. Artigo 48

Débese engadir unha nova letra g bis no punto 1 do artigo 48 que quedará redactada co seguinte contido:

"g bis) Outro tipo de gastos que se consideren imprescindibles para o mantemento dos procesos de inserción."

Emenda nº22, ao apartado 1.c, de Adición. Artigo 49

Débese engadir ao final da letra c do punto 1 do artigo 49 o seguinte contido:

Engadir in fine: "...Excepcionalmente para as axudas de tipo b e c, e sempre que favorezan o cumprimento dos obxectivos doutros programas básicos de servizos sociais e que xunto con eles se acade o proceso de inclusión persoal e familiar o nivel de renda da unidade de convivencia independente poderá acadar o 125 % do IPREM para unha persoa, o 175 % dúas persoas e o 200 % tres ou máis persoas. Esta situación excepcional será proposta e debidamente xustificada no informe social emitido polos servizos sociais comunitarios básicos."

Emenda nº23, ao apartado 8, de Modificación. Artigo 51

Débese modificar o punto 8 do artigo 51 a seguinte expresión: Onde di: "...os informes anteriormente referidos no prazo dun mes e remítilos ao correspondente órgano competente da Administración autonómica de ámbito provincial." debe dicir: "...os informes anteriormente referidos no prazo dun mes a contar dende a presentación da solicitude de valoración social e remítilos ao correspondente órgano competente da Administración autonómica de ámbito provincial."

Emenda nº24, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 52

Débese modificar na primeira liña do punto 3 do artigo 52 a seguinte expresión:

Onde di: "Entenderanse desestimadas aquelas solicitudes de concesión de axudas de inclusión social..." debe dicir: "Entenderanse aprobadas aquelas solicitudes de concesión de axudas de inclusión social..."

Emenda nº25, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 55

Débese modificar o punto 3 do artigo 55, que quedará redactado co seguinte contido:

"3. O traballador ou traballadora social de referencia encargado da valoración e da elaboración da proposta do acordo coa familia para integración socioeducativa dos menores será o

responsable do seguimento do cumprimento destes acordos, a través da coordinación cos servizos de orientación dos centros educativos, e outros programas de servizos sociais comunitarios básicos: servizo de educación e apoio familiar ou do servizo de axuda no fogar."

Emenda nº26, ao apartado 3, de Adición. Artigo 57

Débase engadir ao final do punto 3 do artigo 57 o seguinte contido:

Engadir in fine: "...Cada equipo debe contar como mínimo coa figura dun traballador ou traballadora social."

Emenda nº27, ao apartado 4, de Modificación. Artigo 57

Débase modificar na terceira liña do punto 4 do artigo 57 a seguinte expresión:

Onde di: "...convenios de colaboración con entidades de iniciativa social que dispoñan da capacidade..." debe dicir: "...convenios de colaboración con entidades de iniciativa social, sen ánimo de lucro, que dispoñan da capacidade..."

Emenda nº28, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 58

Débase modificar o punto 1 do artigo 58, que quedará redactado co seguinte contido:

Onde di:"Ademais, asegurarse a presenza dun equipo de inclusión sociolaboral en cada cidade de máis de 50.000 habitantes." debe dicir: "Ademais, asegurarse a presenza dun equipo de inclusión sociolaboral en cada concello de máis de 20.000 habitantes e en agrupacións de concellos de ata 20.000 habitantes."

Emenda nº29, ao apartado 3, de Adición. Artigo 59

Débase engadir un novo punto 3 bis (xustamente despois do apartado 3) no artigo 59, que quedará redactado co seguinte contido:

"3 bis. Coordinar cos servizos sociais comunitarios básicos para actuación de promoción educativa ou formativa, accións activas de emprego e aspectos relevantes para a inclusión social."

Emenda nº30, ao apartado 5, de Modificación. Artigo 59

Débase modificar o punto 5 do artigo 59 que quedará redactado co seguinte contido:

"5. Asesorar as entidades promotoras de empresas de inserción laboral."

Emenda nº31, de Modificación. Artigo 84

Débase modificar o artigo 84 que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 84. Competencias dos concellos

Correspóndelle aos gobernos locais consonte ao establecido na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e no marco da aplicación das súas competencias, conforme ao establecido nesta lei, o seguinte:

- a) A detección das persoas en situación de exclusión e o asesoramento e información sobre os recursos existentes e os programas e prestacións desenvolvidos nesta lei.
- b) A recepción das solicitudes de valoración social e a emisión do correspondente informe social e proposta sobre a idoneidade da prestación das persoas e unidades de convivencia, previos á solicitude da renda e das axudas de inclusión social.
- c) A documentación en relación cos requisitos sociais das solicitudes da renda e das axudas de inclusión social.
- d) A certificación acreditativa da situación de risco ou exclusión social que resulte preceptiva para a incorporación prioritaria aos programas de fomento do emprego e empresas de inserción social que se determine regulamentariamente.
- e) A elaboración e seguimento dos proxectos de integración social e de integración sociofamiliar.
- f) A valoración sobre a posibilidade de incorporación ao tramo de inserción, sen prexuízo da asignación desta función, se é o caso, aos servizos sociais comunitarios específicos.

3. Cantas outras competencias lles correspondan por norma de rango legal ou regulamentario.

4. Ademais, os concellos, por si mesmos, ou de acordo con fórmulas de cooperación administrativa establecidas na Lei 13/2008, do 3 de decembro, desenvolverán servizos comunitarios específicos, que se concretarán nos equipos técnicos definidos nos artigos 57 e seguintes desta lei."

Emenda nº32, ao apartado 4, de Adición. Artigo 84

Débese engadir un novo punto 4 bis no artigo 84 que quedará redactado co seguinte contido:

"4 bis. A Xunta de Galicia proverá aos gobernos locais dos recursos económicos necesarios para o efectivo cumprimento do disposto neste artigo."

Emenda nº33, de Modificación. Disposición adicional primeira

Débese modificar o contido da Disposición adicional primeira que quedará redactada co seguinte contido:

"A presente lei financiarase con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma, e contará con partidas orzamentarias ampliables que garantirán anualmente os dereitos subxectivos recoñecidos nela para o total das persoas que cumpran cos requisitos establecidos para a aplicación deses dereitos."

Emenda nº34, ao apartado 1, de Modificación. Disposición transitoria primeira

Débese modificar ao final do punto 1 da Disposición transitoria primeira, o seguinte contido:

Onde di: "Só se poderá conceder unha axuda deste tipo cada dous anos." debe dicir: "Só se poderá conceder unha axuda deste tipo unha vez ao ano."

Emenda nº35, ao apartado 3, de Modificación. Disposición transitoria primeira

Débese modificar ao final do punto 3 da Disposición transitoria primeira, o seguinte contido:

Onde di: "Só se poderá conceder unha axuda deste tipo cada dous anos." debe dicir: "Só se poderá conceder unha axuda deste tipo unha vez ao ano."

Emenda nº36, ao apartado 1, de Modificación. Disposición transitoria segunda

Débese modificar o punto 1 da Disposición transitoria segunda:

Onde di: "Cando a unidade de convivencia dispoña de cantidades líquidas superiores a catro mensualidades do indicador público da renda de efectos múltiples (IPREM), ..." debe dicir: "Cando a unidade de convivencia dispoña de cantidades líquidas superiores a seis mensualidades do indicador público da renda de efectos múltiples (IPREM), ..."

Emenda nº37, ao apartado 2, de Modificación. Disposición transitoria segunda

Débese modificar o punto 2 da Disposición transitoria segunda a seguinte expresión:

Onde di: "..., teñan unha valoración superior ao importe anual do indicador público da renda de efectos múltiples." debe dicir: "..., teñan unha valoración superior ao importe de 18 meses do indicador público da renda de efectos múltiples."

Emenda nº38, de Adición. Disposición derradeira segunda bis

Débese engadir unha nova Disposición derradeira segunda bis que quedará redactada co seguinte contido:

"No prazo máximo de un mes dende a entrada en vigor desta lei, o Goberno de Galicia poñerá en marcha un Fondo de Emerxencia contra a Pobreza e a Exclusión Social, xestionado conxuntamente pola Comunidade Autónoma, os gobernos locais e as onegúas.

Este fondo estará dotado anualmente como mínimo co 0,1 % do PIB da Comunidade Autónoma de Galicia e contará con programas específicos de atención, prioritaria á infancia,



medidas especiais para o ámbito rural e apoio ás persoas sen fogar."

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 26/06/2013 16:54:08

**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI DE INCLUSIÓN SOCIAL DE GALICIA
(NUM. EXPE. 09/PL-000019).**

Emenda nº1, de Modificación. Artigo 3

Débese modificar o texto do subapartado I), dentro do apartado 1 do artigo 3, engadindo ao final o seguinte texto:

“Esa ponderación poderá ser obxecto de avaliación polos técnicos da Comunidade Autónoma.”

Emenda nº2, de Modificación. Artigo 6

Débese modificar o texto do apartado 4 do artigo 6, no seguinte senso:

Onde di:

“...ou pensión de contía igual ou superior á das ditas pensións. Calquera outro ingreso, así...”

Debe dicir:

“...ou pensión de contía igual ou superior á das ditas pensións. Tampouco poderán acceder á renda de inclusión social de Galicia aquelas persoas que teñan a idade mínima establecida para poder solicitar unha pensión non contributiva de xubilación. Calquera outro ingreso, así...”

Emenda nº3, ao apartado e), de Modificación. Artigo 12

Débese modificar o texto do apartado e) do artigo 12, no seguinte senso:

Onde di:

“...de acordo cos criterios de cómputo establecidos no artigo 11 desta lei.”

Debe dicir:

"...de acordo cos criterios de cómputo establecidos no artigo 17 desta lei."

Emenda nº4, ao apartado 4, de Adición. Artigo 19

Débase engadir un novo apartado 4 no artigo 19, co seguinte texto:

"4. No momento da revisión avaliarase o cumprimento do todos os compromisos e condicións que esixe a presente Lei para ser beneficiario".

Emenda nº5, de Substitución. Artigo 35

Débase substituir o texto do apartado 2 do artigo 35, polo que segue a continuación:

"2. No caso de que a solicitude se presente no rexistro do concello de residencia da persoa solicitante da renda, comunicárase inmediatamente a existencia da solicitude aos servizos sociais comunitarios do concello, atendendo á problemática de risco de exclusión social en que se puidese encontrar a persoa solicitante. Os servizos sociais comunitarios básicos do concello orientarán e informarán as persoas interesadas en todo o referente aos trámites e documentación da solicitude. Sen os informes preceptivos e determinantes emitido polos servizos sociais comunitarios, especificados no artigo 36, non se poderá tramitar a solicitude polo órgano competente da administración autonómica."

Emenda nº6, ao apartado 5, de Modificación. Artigo 37

Débase modificar o texto do apartado 5 do artigo 37, no seguinte senso:

Onde di:

"...informe de valoración social e do proxecto de integración social da solicitude. No caso..."

Debe dicir:

"...informe de valoración social, do proxecto de integración social e de toda a documentación necesaria para valorar dita solicitude. No caso..."

Emenda nº7, ao apartado 6, de Modificación. Artigo 37

Débese modificar o texto do apartado 6 do artigo 37, no seguinte senso:

Onde di:

"...Administración autonómica remitirá copia do expediente ao Servizo Público de Emprego de Galicia, para que,..."

Debe dicir:

"...Administración autonómica faicilitará o acceso á información que precise ao Servizo Público de Emprego de Galicia, para que,..."

Emenda nº8, de Substitución. Artigo 49

Débese substituir o texto do apartado b) do artigo 49, polo que segue a continuación:

b) Estar empadroado ou empadroada e ter residencia constatada polos servizos sociais comunitarios básicos en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia."

Emenda nº9, de Modificación. Artigo 51

Débese modificar o texto do apartado 2 do artigo 51, no seguinte senso:

Onde di:

"...residencia da persoa solicitante, no momento en que esta se remita ao órgano competente da Comunidade Autónoma, comunicarse..."

Debe dicir:

"...residencia da persoa solicitante, comunicarse..."

Emenda nº10, de Adición. Disposición transitoria terceira

Débese engadir unha Disposición Transitoria Cuarta co seguinte texto:

“Disposición Transitoria Cuarta: En relación ao complemento de alugamento contemplado no tramo persoal e familiar, mentres non se realice o desenvolvemento regulamentario correspondente, só será aplicable nun 10% do IPREM. No caso de que, unha vez establecida a regulación, ó beneficiario lle corresponda un importe superior será actualizado coa diferenza.”

Emenda nº11, de Substitución. Disposición derogatoria única

Débese substituír o texto da Disposición derogatoria única, que quedaría redactada como segue a continuación:

“Disposición derogatoria única. Expresa e xenérica
Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango contradigan o disposto nesta lei e especificamente a Lei 5/1989, do 24 de abril de medidas para a erradicación do chabolismo no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia; a Lei 9/1991 do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social; a Lei 1/1999 do 5 de febreiro, de modificación da anterior e a Lei 16/2004 do 29 de decembro, modificativa das dúas leis anteriores.”

Emenda nº12, de Substitución. Disposición derradeira segunda

Débese substituír o texto da Disposición derradeira segunda que quedará redactado como segue a continuación:

“Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia. No caso concreto dos tramos de inserción e de transición ao emprego entrarán en vigor cando se publique o decreto onde se regulen estes tramos.”



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2013 17:29
Nº Rexistro: 9408
Data envío: 26/06/2013 17:29:29.350

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 26/06/2013 17:29:10

**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO BLOQUE
NACIONALISTA GALEGO AO PROXECTO DE LEI DE INCLUSIÓN SOCIAL
DE GALICIA (NUM. EXPE. 09/PL-000019).**

Emenda nº1, de Substitución. Proxecto de lei de inclusión social de Galicia

Débese substituír o título da lei polo seguinte:

"Proxecto de Lei de Garantía Social de Galiza"

Emenda nº2, de Substitución. Artigo 1

Débese substituír todo a artigo 1 polo seguinte:

"1. A presente lei ten por obxecto regular o marco para evitar que ningunha persoa residente en Galiza caia ou permaneza na pobreza e na exclusión social, buscando para iso o seu desenvolvemento integral como ser humano e promovendo e mellorando as súas condicións económicas e sociais.

2. Na presente lei constitúese un Sistema Galego de Garantía Social como sistema autónomo do que participan os servizos sociais, os servizos de emprego e colaboran outros ámbitos das administracións públicas.

3. Na presente lei regúlanse as condicións de participación da cidadanía nos servizos e na Renda de Garantía Social.

4. A Renda de Garantía Social (RGS) é un dereito subxectivo de todas as persoas que reúnan os requisitos establecidos nesta lei, e en ningún caso pode ser condicionada a problemas de tipo orzamentario.

5. A presente lei establece como integrantes da Renda de Garantía Social as seguintes prestacións:

5. 1. Renda de Inclusión Social (RISGA)

A renda de inclusión social de Galicia é unha prestación pública destinada a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles.

5.2. Renda complementaria por ingresos insuficientes

A Renda Complementaria por ingresos insuficientes vai dirixida a complementar os ingresos familiares ou de unidades de convivencia que, aínda dispoñendo de ingresos contan cun nivel mensual de ingresos insuficiente para facer fronte tanto aos gastos asociados ás necesidades básicas de supervivencia, como aos gastos derivados dun proceso de inclusión social ou de mellora da situación laboral.

De ser necesario quedará vencellada como a RISGA, ao establecemento dun convenio de inclusión especificamente orientado á mellora da situación laboral da persoa titular, e se fora necesario, a inclusión no mesmo doutros membros da unidade familiar.

5.3. A prestación complementaria de vivenda

A prestación complementaria de vivenda é unha prestación complementaria ás dúas anteriores prestacións e dirixida a cubrir as necesidades relacionadas co aloxamento das persoas titulares daquelas.

5.4. Axudas de inclusión social

As axudas de Inclusión social terán carácter non periódico e finalista e serán beneficiarias aquelas persoas en situación de risco social contempladas na presente lei, que carezan de recursos suficientes para afrontar gastos específicos, extraordinarios ou sobrevidos, así como para paliar situacións urxentes e graves que poidan desencadear un proceso de exclusión social

5.5. Outras prestacións

As que no seu momento se determinen en base a evolución das situacións de necesidade e precariedade que poidan xurdir entre capas de poboación que se vexan afectadas polas cambiantes circunstancias sociais e económicas que vive o país.

6. A presente lei reconece ás persoas o dereito a acceder a medios económicos suficientes para facer fronte ás necesidades básicas da vida como o dereito a gozar de apoios personalizados orientados á inclusión social e laboral.

7. Regúlanse, ademais, nesta lei, os dereitos e obrigas dos e das perceptoras das citadas prestacións en relación coa súa participación en itinerarios personalizados que, como apoio do Sistema Galego de Benestar e do Sistema público de Emprego de Galiza, permitan acadar a súa autonomía e inserción sociolaboral, así como as bases para o deseño e execución

coordenada de políticas activas desde os diversos ámbitos de actuación pública, dirixidas a sectores de poboación en situación ou risco de exclusión social. En todo caso, a administración pública galega garantirá o acceso de todas as persoas que reunan os requisitos esixidos para isto ás prestacións económicas e ás demais medidas de inclusión configuradas como dereito nesta lei.”

Emenda nº3, ao apartado 1.e), de Adición. Artigo 3

Débese engadir o seguinte no apartado e) do artigo 3:

“ou non cumpran os requisitos para a percepción de prestacións ou pensión públicas”.

Emenda nº4, ao apartado 1.g), de Adición. Artigo 3

Débese engadir no apartado g) do artigo 3 o seguinte:

“ou estar no último ano de cumprimento da pena privativa de liberdade ou ter un terceiro grao”.

Emenda nº5, ao apartado 6, de Adición. Artigo 5

Débese engadir no apartado 6 do artigo 5 o seguinte:

“En ningún caso a iniciativa social será un substituto dos servizos públicos.”

Emenda nº6, ao apartado 4, de Substitución. Artigo 6

Débese substituír o apartado 4 do artigo 6 polo seguinte texto:

“Así mesmo, a renda de inclusión social de Galiza terá carácter subsidiario, compatible coas pensións non

contributivas e complementaria desta ou de calquera outra prestacións ou pensión de contía inferior ao importe da renda de inclusión social. Calquera outro ingreso, así como as pensións e prestacións de importe inferior aos da Renda de inclusión social percibidas pola persoa solicitante desta, non impedirán o acceso a ela, pero descontaranse do seu importe, coas excepcións sinaladas neste título”

Emenda nº7, ao apartado c), de Substitución. Artigo 12

Débese substituír o apartado c) do artigo 12 polo seguinte:

“Ter máis de vinte e tres anos”

Emenda nº8, de Adición. Artigo 15

No artigo 15, débese engadir despois de “menores ao seu cargo” o seguinte:

“ou a adultos con discapacidade ou con cualificación de dependencia e...”

Emenda nº9, ao apartado e), de Substitución. Artigo 15

Débese substituír todo o apartado e) do artigo 15 polo seguinte:

“Que leven dous anos vivindo nun domicilio independente e seis meses cotizados á Seguridade Social.”

Emenda nº10, ao apartado 5, de Substitución. Artigo 21

No apartado 5 do artigo 21, débese substituír: “...polo menos o 40% dos ingresos totais da unidade de convivencia...”

polo seguinte: "... polo menos o 30% dos ingresos totais da unidade de convivencia..."

Emenda nº11, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 26

No apartado 1 do artigo 26, débese substituír: "...unha vez transcorridos doce meses."

polo seguinte: "...unha vez transcorridos seis meses."

Emenda nº12, ao apartado 3, de Substitución. Artigo 26

No apartado 3 do artigo 26, débese substituír: "...unha vez transcorridos dezaioito meses desde a súa finalización."

polo seguinte: "...unha vez transcorridos doce meses desde a súa finalización:"

Emenda nº13, ao apartado 3, de Substitución. Artigo 31

Débese substituír todo o apartado 3 do artigo 31 polo seguinte texto:

"o tramo de transición aboarase por un máximo de seis meses prorrogábeis por seis meses máis".

Emenda nº14, de Substitución. Artigo 32

Débese substituír o texto do artigo 32 polo seguinte:

"Cando a persoa beneficiaria acceda a un traballo con ingresos superiores aos da renda de inclusión social de Galiza que viña percibindo o tramo de transición poderá suplementar a cantidade percibida en cómputo mensual pola persoa

traballadora ata complementar o 135% do salario mínimo interprofesional.”

Emenda nº15, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 35

Débase substituír no apartado 1 do artigo 35, “...ámbito provincial...”

por: “...ámbito territorial...”

Emenda nº16, ao apartado 5, de Substitución. Artigo 35

No apartado 5 do artigo 35, débese substituír "poderá realizar"

Por: "realizará"

Emenda nº17, ao apartado 4, de Substitución. Artigo 36

No apartado 4 do artigo 36, débese substituír desde :”Os servizos sociais...” até: “...integración socioeducativa dos e das menores”

Polo seguinte: “Os servizos sociais comunitarios tamén elaborarán unha proposta de proxecto de integración social que incluírá subproxectos individuais para cada unha das persoas que formen parte da unidade de convivencia. Os compromisos que asumen cada unha das persoas así como a persoa profesional quedarán recollidos nun acordo que asinarán todas as partes, nos modelos normalizados que regulamentariamente se determinen.”

Emenda nº18, ao apartado 5, de Adición. Artigo 36

No apartado 5 do artigo 36, engadir despois de: “informe social”

o seguinte: “e/ ou socioeducativo”.

Emenda nº19, ao apartado 5, de Adición. Artigo 36

Débese engadir ao final do apartado 5 do artigo 36, o seguinte:

"Propondo a derivación ao equipo de inclusión social do Plan de Inclusión para que elabore un itinerario de inserción."

Emenda nº20, ao apartado 6, de Substitución. Artigo 36

No apartado 6 do artigo 36, débese substituír "ámbito provincial"

Por: "ámbito territorial"

Emenda nº21, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 37

No apartado 1 do artigo 37, débese substituír "...ámbito provincial..."

Por: "...ámbito territorial..."

Emenda nº22, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 37

No apartado 3 do artigo 37, débese eliminar o seguinte:

"En todo caso, para a aplicación da estimación por silencio administrativo, deberá constar no expediente a recepción dos informes preceptivos e determinantes con proposta de concesión da prestación. De non se daren estes requisitos, as solicitudes poderanse entender desestimadas."

Emenda nº23, de Substitución. Artigo 39

No artigo 39, débese susbtituír todo o artigo polo seguinte:

“Tanto no ámbito autonómico como no territorial existirán con carácter permanente unidades técnico-administrativas de apoio ao órgano de resolución e equipos de inclusión social integrados por persoal técnico en servizos sociais, coa composición e as funcións que se fixan na presente lei e as que regulamentariamente se determinen.”

Emenda nº24, ao apartado 3, de Substitución. Artigo 41

Débese susbtituír todo o apartado 3 do artigo 41 polo seguinte texto:

“Neste suposto, a resolución de concesión deberase ditar e notificar no prazo dun mes desde a presentación da solicitude. Só se poderá suspender por causas impuntabeis á persoa solicitante.”

Emenda nº25, ao apartado 4, de Supresión. Artigo 41

No apartado 4 do artigo 41, débese eliminar o seguinte:

“En todo caso, para a aplicación da estimación por silencio administrativo deberá constar no expediente a recepción do informe de valoración social con proposta de concesión da prestación.”

Emenda nº26, ao apartado 5, de Substitución. Artigo 41

No apartado 5 do artigo 41, débese susbtituír o texto polo seguinte:

“Unha vez outorgada, a renda de inclusión social de Galiza terá efectos económicos desde o día seguinte ao da data da solicitude.”

Emenda nº27, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 45

Débese substituír "ámbito provincial" no apartado 2 do artigo 45,

Por: "ámbito territorial"

Emenda nº28, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 51

No apartado 1 do artigo 51, débese substituír "ámbito provincial"

Por: "ámbito territorial"

Emenda nº29, ao apartado 4, de Substitución. Artigo 51

No apartado 4 do artigo 51, débese substituír "ámbito provincial"

Por: "ámbito territorial"

Emenda nº30, ao apartado 5, de Substitución. Artigo 51

No apartado 5 do artigo 51, débese substituír "poderá realizar"

Por: "realizará"

Emenda nº31, ao apartado 8, de Substitución. Artigo 51

No apartado 8 do artigo 51, débese substituír "ámbito provincial"

Por: "ámbito territorial"

Emenda nº32, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 52

No apartado 2 do artigo 52, débese substituír o texto polo seguinte:

“O dito prazo só se poderá suspender por causas imputábeis á persoa solicitante.”

Emenda nº33, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 52

No apartado 2 do artigo 52, débese substituír "desestimadas"

Por: "estimadas"

Emenda nº34, ao apartado 4, de Substitución. Artigo 54

No apartado 4 do artigo 54, débese substituír todo o texto polo seguinte:

“O proxecto de integración social será deseñado polos servizos sociais comunitarios básicos e os servizos sociais comunitarios específicos, no caso do tramo de inserción polo Plan de Inclusión, e a súa execución será coordinada polo traballador/a social de referencia e polo técnico/a de inclusión no caso do tramo de inserción. Estes servizos efectuarán con carácter xeral o seguimento do caso, sen prexuízo da derivación de determinadas actuacións aos servizos sociais comunitarios específicos, así como a posible colaboración complementaria de entidades de iniciativa social debidamente autorizadas. Mediante o traballo social e educativo pautado no proxecto de integración social asegurárase, en todo caso, unha vinculación efectiva das persoas beneficiarias cos servizos sociais comunitarios.”

Emenda nº35, de Substitución. Artigo 55

Débese substituír o título do artigo 55 polo seguinte:

“Proxecto de intervención socioeducativa das persoas menores”

Emenda nº36, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 55

Débese substituír o texto do apartado 1 do artigo 55 polo seguinte:

“No caso de da existencia de menores e cando se valore unha situación de risco de exclusión social para estes, deberase deseñar un proxecto de intervención socioeducativa das persoas menores incluído dentro do proxecto de integración social no que se recollan as actuacións socioeducativas para asegurar a súa escolarización real e efectiva, así como coa súa saúde, nixiene e socialización.”

Emenda nº37, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 55

Débese substituír o texto do apartado 2 do artigo 55 polo seguinte:

“O proxecto de intervención socioeducativa das persoas menores incluírá un acordo anexo onde se recollan os compromisos das persoas titoras tanto en relación ás actuacións de protección e socialización das persoas menores, como en relación ás contempladas no proxecto de integración social para sí mesmos”.

Emenda nº38, ao apartado 3, de Substitución. Artigo 55

Débese substituír o texto do apartado 3 do artigo 55 polo seguinte:

“Os servizos sociais comunitarios realizarán a través do servizos de educación e apoio familiar a intervención

socioeducativa recollida nos proxectos socioeducativos das nenas e nenos que formen parte da unidade familiar."

Emenda nº39, ao apartado 4, de Substitución. Artigo 55

Débase substituír o texto do apartado 4 do artigo 55 polo seguinte:

"A intervención socioeducativa recollida nos proxectos de integración socioeducativa individualizados das persoas menores e adultas da unidade de convivencia documentarase no expediente social. Tanto a a intervención socioeducativa como a súa avaliación incluíranse nos informes socioeducativos que se realizarán ao longo do proceso de intervención socioeducativa e que servirán para fundamentar posibles modificacións da prestación de acordo co establecido no art.44.1.c."

Emenda nº40, ao apartado 4, de Substitución. Artigo 56

Débase substituír todo o texto do apartado 4 do artigo 56 polo seguinte:

"O convenio de inclusión será asinado pola persoa beneficiaria, por unha persoa representante do Servizo Público de Emprego e por un/unha técnico/a de Inclusión de referencia e expresará as actividades prelaborais e laborais enunciadas nos puntos anteriores en forma de itinerario, como secuencia de actividades e cun sistema de valoración de resultados. Os convenios asinados serán comunicados aos servizos comunitarios correspondentes."

Emenda nº41, ao apartado 6, de Substitución. Artigo 56

Débase substituír todo o texto do apartado 6 do artigo 56 polo seguinte:

“Os equipos de inclusión sociolaboral regulados no artigo seguinte, en coordinación co Servizo Público de Emprego de Galiza, serán os responsábeis de levar acabo o convenio de inserción e o itinerario do tramo de inserción, realizarán o asesoramento das persoas participantes nos convenios regulados neste artigo.”

Emenda nº42, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 57

Débase substituír o texto do apartado 1 do artigo 57 polo seguinte:

“A Xunta de Galiza elaborará, en colaboración coas entidades públicas implicadas e dando participación ás entidades de iniciativa social, un Plan galego de inclusión social que fixará obxectivos, estratexias e programas en relación co obxecto desta lei e precisará as fórmulas de coordinación entre recursos públicos das administracións competentes, así como coas entidades de iniciativa social especializadas na inclusión social de colectivos e persoas.”

Emenda nº43, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 57

Débase substituír o texto do apartado 2 do artigo 57 polo seguinte:

“De conformidade co establecido nos artigos 12 e seguintes da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, reforzárase e impulsarase a actual rede de equipos de Inclusión como parte da rede de servizos comunitarios específicos de acordo co establecido neste capítulo.”

Emenda nº44, ao apartado 5, de Adición. Artigo 57

Engadir un novo apartado 5 no artigo 57, co seguinte texto:

“A Xunta de Galiza reforzará e potenciará os actuais equipos de Inclusión integrados no Consorcio Galego de Igualdade e

Benestar ou na Axencia Galega de Servizos Sociais como o instrumento de vertebración territorial e social.”

Emenda nº45, ao apartado 6, de Adición. Artigo 57

Engadir un novo apartado 6 no artigo 57 co seguinte texto :

“O Plan Galego de Inclusión Social será obxecto de debate no Parlamento de Galiza e deberá ir acompañado da correspondente memoria económica”.

Emenda nº46, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 58

No apartado 1 do artigo 58, débese substituír: “Ademais, asegurarse a presenza dun equipo de inclusión sociolaboral en cada cidade de máis de 50.000 habitantes”:

Polo seguinte: “Ademais, asegurarse a presenza dun equipo de inclusión sociolaboral de composición multidisciplinar en cada cidade e vila de máis de 20.000 habitantes.”

Emenda nº47, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 58

No apartado 2 do artigo 58, débese substituír todo o texto polo seguinte:

“Para a implantación dos equipos e de conformidade co establecido no decreto de servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, a Xunta de Galicia establecerá fórmulas de cooperación coa Administración Local a través do Consorcio galego de Igualdade e Benestar ou a Axencia Galega de Servizos Sociais para o cofinanciamento, a coordinación e asistencia técnica aos equipos técnicos de inclusión sociolaboral. Garantirase continuidade do persoal compoñente dos actuais equipos pertencentes ao II Plano de Inclusión Social encadrados no CGSIB.”

Emenda nº48, de Adición. Artigo 59

Crease un novo artigo 59 Bis co seguinte contido:

“59. Bis) Outras funcións dos equipos

1. Valorar conxunta e coordinadamente, cos servizos sociais comunitarios básicos, as situacións de intervención prioritaria.
2. Atender a persoas en risco de exclusión social perceptoras ou non de RISGA derivadas ao PGIS dende Servizos Sociais, emprego e igualdade dos concellos, e entidades sociais.
3. Valoración diagnóstica e identificación da unidade de convivencia, en relación coa detección de problemáticas de carácter social que requiran a intervención dos Servizos Sociais así como o seu potencial para a inserción laboral.
4. Coordinación cos Servizos Sociais de Atención Primaria e de saúde, así como coa Unidade tramitadora da RISGA (UTA).
5. Elaboración de informes de seguimento dirixidos os Servizos Sociais de Atención Primaria e UTA coa finalidade de informar sobre o cumprimento de itinerarios cara a renovación ou extinción da RISGA.
6. Coordinación cos diferentes departamentos administrativos, a nivel municipal e autonómico implicados na promoción da cohesión social e na loita contra a pobreza e a exclusión social.
7. Promover e dinamizar redes comunitarias territoriais para combater a desigualdade social establecendo mecanismos de cooperación na loita contra a pobreza e a exclusión social.
8. Coordinación cos diferentes axentes sociais que desenvolven accións de inserción social e laboral (tecido asociativo e terceiro sector), orientado a súa oferta de servizos de inclusión e favorecendo a súa eficacia e complementariedade co sector público.
9. Establecemento de estruturas de colaboración co tecido empresarial, axentes sociais, iniciativas locais de economía social, entre outros, para a busca de novas oportunidades laborais.”

Emenda nº49, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 59

Débase substituír todo o apartado 1 do artigo 59 polo seguinte texto:

“Deseñar, acordar e executar, en coordinación cos servizos sociais comunitarios básicos, actuacións contidas no proxecto de integración social vinculado ao tramo persoal e social, tramo de inserción e tramo de transición ao emprego da RISGA, no que se refire aos aspectos que definen cada uns dos tramos, así como aos proxectos de capacitación en colaboración con entidades de iniciativa social a que se refire o artigo seguinte.”

Emenda nº50, ao apartado 3, de Substitución. Artigo 59

Débase substituír todo o apartado 3 do artigo 59 polo seguinte texto:

“Deseñar e desenvolver itinerarios de inserción para persoas perceptoras e non perceptoras da RISGA que se encontren en situación de risco de exclusión social.”

Emenda nº51, ao apartado 5, de Substitución. Artigo 59

Débase substituír todo o apartado 5 do artigo 59 polo seguinte texto:

“Asesorar as entidades promotoras de empresas de inclusión sociolaboral e encargarse de realizar Informe-proposta para a cualificación da condición de persoa beneficiaria para a incorporación a unha empresa de inserción. Asinar xunto co/a Traballador/a Social de referencia e acordar coa empresa as actividades a realizar e compromisos contemplados no Modelo de convenio/acordo de inserción aos efectos do previsto no seu artigo 13 do decreto 156/2007, do 19 de xullo, polo que se regula o procedemento para a cualificación das empresas de inserción laboral, se crea o seu rexistro administrativo e se establecen as medidas para o fomento da inserción sociolaboral e realizar o seguimento das persoas contratadas na empresa de inserción coa finalidade de velar polo cumprimento dos dereitos e obrigas de ambas partes.”

Emenda nº52, ao apartado 7, de Adición. Artigo 59

Débase engadir un apartado 7 no artigo 59 co texto seguinte:

“A coordinación técnica, dinamización e apoio dos equipos de inclusión sociolaboral comarcais.”

Emenda nº53, ao apartado 8, de Adición. Artigo 59

Débase engadir un apartado 8 no artigo 59 co texto seguinte:

“A planificación, impulso, coordinación e avaliación de propostas formativas e de accións de acompañamento para persoas participantes no Plan galego de inclusión social nas diferentes áreas do territorio.”

Emenda nº54, ao apartado 9, de Adición. Artigo 59

Débase engadir un apartado 9 no artigo 59 co texto seguinte:

“Deseño, mantemento e utilización de ferramentas e sistemas de información en relación co seguimento e control da xestión do Plan de Inclusión.”

Emenda nº55, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 69

No apartado 1 do artigo 69, débese substituír "poderá establecer"

Por "establecerá"

Emenda nº56, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 69

No apartado 2 do artigo 69, débese substituír: “...poderanse beneficiar...”

polo seguinte: "...beneficiaranse..."

Emenda nº57, de Adición. TÍTULO IV BIS. Sistema galego de Garantía Social

Débase incluír un novo título, que pasará a ser o Título IV Bis:

"IV Bis: Sistema galego de Garantía Social

Capítulo I: Renda complementaria de ingresos insuficientes

Artigo 76 bis: Características da prestación:

"1. Para a fixación da cuantía da renda complementaria de ingresos insuficientes aplicábel a cada unidade de convivencia terase en conta, ademáis da persoa titular, a todos e cada un dos demais membros da súa unidade.

2. A cuantía mensual da renda aplicábel a cada unidade de convivencia virá determinada pola diferenza entre os ingresos mínimos garantizados pola prestación para as unidades de convivencia como a da persoa solicitante e os ingresos dispoñíbeis na súa unidade de convivencia.

3. Esta prestación será obxecto de desenvolvemento regulamentario no prazo de tres meses desde a aprobación desta lei.

Capítulo II: Prestación complementaria de vivenda

Artigo 76 ter.:

1. A prestación complementaria de vivenda é unha prestación periódica, de natureza económica, articulada como un complemento das renda de inclusión social e a renda complementaria de ingresos insuficientes, en calquera das súas modalidades, que se dirixe a cubrir as necesidades relacionadas coa vivenda ou aloxamento habitual das persoas titulares de ditas prestacións.

2. A prestación de vivenda tamén poderá ser articulada a través do uso de vivendas sociais postas a disposición desta prestación polo goberno galego a través dunha bolsa de aluguer social.

3. A estes efectos, terán a consideración de necesidades relacionadas coa vivenda os gastos de alquiler da vivenda ou de aloxamento habitual.

4. Esta prestación será obxecto de desenvolvemento regulamentario no prazo de tres meses desde a aprobación desta lei."

Emenda nº58, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 79

Débase eliminar todo o apartado 3 do artigo 79.

Emenda nº59, ao apartado 4, de Substitución. Artigo 84

O apartado 4 do artigo 84, débese substituír polo seguinte texto:

"Ademais, os concellos a través do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar ou a Axencia Galega de Servizos Sociais, de acordo coas fórmulas de cooperación administrativas establecidas na Lei 13/2008, do 3 de decembro, desenvolverán servizos comunitarios específicos, que se concretarán nos equipos técnicos definidos nos artigos 57 e seguintes desta lei."

Emenda nº60, de Substitución. Disposición adicional primeira

Débase substituír o texto da disposición adicional primeira polo seguinte:

"Os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de cada ano incluírán as partidas necesarias e suficientes para o financiamento dos programas e prestacións previstos nesta lei, sen prexuízo dos programas que se vinculan ao Servizo Público de Emprego. A presente lei ven acompañada da correspondente memoria económica que se xunta como Anexo á mesma."

Emenda nº61, de Substitución. Disposición adicional segunda

Débese substituír o texto da disposición adicional segunda polo seguinte:

“A Xunta de Galiza informará anualmente ao Parlamento de Galiza sobre o desenvolvemento desta lei e do Plan Galego de Inclusión Social no seo da comisión correspondente.”

Emenda nº62, de Adición. Exposición de motivos

Exposición do motivos, parágrafo 17

Débese engadir un novo parágrafo:

"Este texto regula o marco para evitar que ningunha persoa residente en Galiza caia ou permaneza na pobreza e na exclusión social, buscando para iso o seu desenvolvemento integral como ser humano e promovendo e mellorando as súas condicións económicas e sociais. Para isto na presente lei constitúese un Sistema Galego de Garantía Social como sistema autónomo do que participan os servizos sociais, os servizos de emprego e colaboran outros ámbitos das administracións públicas.

Deste Sistema galego de Garantía Social forman parte a Renda de inclusión social de Galicia que a través do recoñecemento de dous dereitos configúrase como unha prestación pública destinada a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles. A Renda complementaria por ingresos insuficientes, dirixida a complementar os ingresos familiares ou de unidades de convivencia que, aínda dispoñendo de ingresos contan cun nivel mensual de ingresos insuficiente para facer fronte tanto aos gastos asociados ás necesidades básicas de supervivencia. A súa finalidade non é actuar como plus salarial senón conceder unha renda específica e asistencial orientada a paliar a insuficiencia de ingresos, que neses casos se derivan dun nivel salarial baixo ou por carecer de prestacións por desemprego.

Por último forma parte do Sistema Galego de Garantía Social a prestación complementaria de vivenda. A prestación complementaria de vivenda é un elemento innovador que ten por obxectivo facilitar ás persoas o acceso á vivenda. Esta prestación pasa así a dar cobertura a boa parte das necesidades cubertas polas axudas de emerxencia social, coa substancial diferenza de que agora constitúese como un dereito."



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2013 18:03
Nº Rexistro: 9411
Data envío: 26/06/2013 18:03:48.642

Asinado dixitalmente por:

**Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 26/06/2013
18:03:28**

**María do Carme Adán Villamarín na data 26/06/2013
18:03:37**

**EMENDAS PRESENTADAS POLOS GRUPOS PARLAMENTARIOS
ALTERNATIVA GALEGA DE ESQUERDA AO PROXECTO DE LEI DE
INCLUSIÓN SOCIAL DE GALICIA (NUM. EXPE. 09/PL-000019).**

Emenda nº1, de Substitución. Artigo 1

Débase substituir o texto do artigo polo seguinte:

"A presente Lei da Renda de Integración Social de Galicia ten por obxecto o establecemento dunha cuantía económica, Renda de Integración, que se fará efectiva para cada cidadán, polo feito de residir en Galicia, que non obteña un ingresos equivalentes a cantidade que se determine para esta renda no articulado da mesma, con independencia da súa relación presente, pasada ou futura co mercado de traballo remunerado, sen importar con quen conviva."

Emenda nº2, de Substitución. Artigo 2

Débase substituir o texto do artigo polo seguinte:

"A Renda de Inclusión de Galicia é a prestación económica que se fará efectiva nas cantidades e condicións establecidas na presente lei, pero será en todo caso inherente a condición de residente habitual en Galicia, sen prestacións económicas suficientes, tal como se determina nos conseguintes artigos da presente lei."

Emenda nº3, de Substitución. Artigo 3

Débase substituir o texto do artigo polo seguinte:

"A renda de Inclusión de Galicia farase efectiva para todos e cada un dos cidadáns que residan, e acrediten esta residencia, de xeito habitual en Galicia, e non reciban ingresos suficientes equivalentes as cantidades que se determinen para esta renda de Inclusión, podendo ser polo tanto íntegra ou complementaria ata ditos ingresos."

Emenda nº4, ao apartado 6, de Adición. Artigo 5

Débese engadir no punto 6, despois de:

"...e da colaboración complementaria das entidades de iniciativa social..." a seguinte expresión:
"sen ánimo de lucro"

Emenda nº5, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 10

Débese substituír no punto 1 a seguinte expresión:

Onde di: "por un período máximo de seis meses."
Debe dicir: "por un período máximo de nove meses."

Emenda nº6, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 11

Débese substituír o texto do punto 1 polo seguinte:

"1. Como regra xeral a renda de integración social de Galicia concederáse de xeito individual, polo que poden concederse varias rendas a persoas que convivan nun mesmo domicilio, salvo no caso de menores que serán atendidos conforme se estableza na presente lei."

Emenda nº7, ao apartado c), de Substitución. Artigo 12

Débese substituír o texto do apartado c) polo seguinte:

"c) Ter residencia habitual en Galicia."

Emenda nº8, ao apartado d), de Substitución. Artigo 12

Débese substituír o texto do apartado d) polo seguinte:

"d) Ter máis de 18 anos."

Emenda nº9, de Supresión. Artigo 13

Débese suprimir o artigo.

Emenda nº10, de Supresión. Artigo 14

Débese suprimir a seguinte verba do conxunto do texto do artigo:

"legal"

Emenda nº11, de Substitución. Artigo 15

Débese substituir no primeiro paragrafo a seguinte expresión:

Onde di: "requisito xeral de idade expresado no artigo 10"
Debe dicir: "requisito legal de maioría de idade"

Emenda nº12, de Supresión. Artigo 16

Débese suprimir o artigo.

Emenda nº13, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 17

Débese substituir o texto do punto 1. polo seguinte:

"Para os efectos do previsto no artigo 12 entenderase como recursos económicos de que dispón a persoa solicitante."

Emenda nº14, ao apartado 1.a), de Supresión. Artigo 17

Débese suprimir no apartado a) do punto 1. a seguinte expresión:

"ou aquelas que constitúan a unidade de convivencia "

Emenda nº15, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 21

Débase substituir no punto 1 a seguinte expresión:

Onde di: "...ao 75% do importe mensual do indicador público de renda de efectos múltiples..."

Debe dicir: "...ao 100% do importe mensual do indicador público de renda de efectos múltiples..."

Emenda nº16, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 21

Débase substituir o texto do punto 2. polo seguinte:

"2. O Complemento Familiar será de aplicación ás persoas pertencentes á unidade de convivencia, que teñan menores o seu cargo, sea cal sea a súa condición de afinidade ou consanguinidade, de tal xeito que a contía da axuda será incrementado nun 15% do IPREM por cada menor a cargo.

Os menores a cargo, soamente computaran a efectos deste complemento para un dos maiores de idade da unidade de convivencia, aplicando así mesmo os principios contidos no artigo 23 da presente lei."

Emenda nº17, de Substitución. Artigo 29

Débase substituir o seguinte texto:

Onde di: "...será como máximo de 12 meses, prorrogable por seis meses máis en función do cumprimento dos obxectivos ata un máximo total de 18 meses,"

Debe dicir: "será como máximo de 24 meses, prorrogable por seis meses en función do cumprimento dos obxectivos..."

Emenda nº18, ao apartado 3, de Substitución. Artigo 31

Débase substituir no punto 3. a seguinte expresión:

Onde di: "seis meses"
Debe dicir: "nove meses"

Emenda nº19, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 32

Débase substituir no punto 1. a seguinte expresión:

Onde di: "...máximo do 135% do salario mínimo
interprofesional"
Debe dicir: "máximo do 150% do salario mínimo
interprofesional"

Emenda nº20, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 33

Débase substituir no punto 2. a seguinte expresión:

Onde di: "...máximo do 135% do salario mínimo
interprofesional."
Debe dicir: "máximo do 150% do salario mínimo
interprofesional."

Emenda nº21, ao apartado 5, de Substitución. Artigo 37

Débase substituir o texto desde o último punto e seguido polo
seguinte:

“No caso de que ditos documentos se reciban en meses
diferentes, tomarase para os ditos efectos económicos o día
primeiro do mes onde se recepcionou o primeiro documento.”

Emenda nº22, ao apartado 1, de Adición. Artigo 41

Débase engadir no punto 1 o seguinte texto:

“A tramitación abreviada, cando se reflicta no informe de
valoración social, tamén beneficiará as persoas vítimas de

explotación sexual-laboral ou de redes de explotación ou trata de persoas.”

Emenda nº23, ao apartado 1.b), de Substitución. Artigo 42

Débese substituír no apartado b) do punto 1. a seguinte expresión:

Onde di: "no prazo de dez días"

Debe dicir: "no prazo de quince días"

Emenda nº24, ao apartado 1.c), de Substitución. Artigo 42

Débese substituír no apartado c) do punto 1. a seguinte expresión:

Onde di: "no prazo de cinco días"

Debe dicir: "no prazo de quince días"

Emenda nº25, ao apartado 1., de Substitución. Artigo 42

Débese substituír no penúltimo parágrafo do punto 1. a seguinte expresión:

Onde di: "...non poderá ser solicitada de novo ata que transcorra un período de seis meses."

Debe dicir: "non poderá ser solicitada de novo ata que transcorra un período de tres meses."

Emenda nº26, ao apartado 1.h), de Adición. Artigo 48

Débese engadir un novo apartado co seguinte texto:

"h) As axudas poderán utilizarse, de xeito extraordinario e motivado para o pagamento de cotas hipotecarias da vivenda habitual ata 6 meses."

Emenda nº27, ao apartado 1.i), de Supresión. Artigo 48

Débese engadir un novo apartado co seguinte texto:

"i) Calquera outro concepto, que sexa considerado necesario polos equipos dos servizos sociais municipais correspondentes, que se consideren importantes para acadar o itinerario de inserción da persoa solicitante."

Emenda nº28, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 52

Débese substituír no punto 1 a seguinte expresión:

Onde di: "...no prazo de dous meses..."
Debe dicir: "no prazo dun mes"

Emenda nº29, ao apartado 3, de Substitución. Artigo 52

Débese substituír no punto 3 a seguinte expresión:

Onde di: "Entenderanse desestimadas..."
Debe dicir: "Entenderanse estimadas"

Emenda nº30, ao apartado 2, de Adición. Artigo 62

Débese engadir ao remate do punto 2 o seguinte texto:

"a Xunta de Galicia estará obrigada á realización dun regulamento que estableza uns porcentaxes oportunos de reserva nas contratacións públicas en favor das empresas de inserción as que se refire o presente artigo."

Emenda nº31, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 67

Débese suprimir o punto 3.

Emenda nº32, ao apartado 4, de Adición. Artigo 73

Débese engadir un punto co seguinte texto:

"4. As empresas estarán obrigadas para manter o distintivo de empresa inclusiva, a cumprir as clausulas sociais legalmente establecidas, e perderan este distintivo no momento que sean obxecto dunha sentenza desfavorable en termos de incumprimento laboral, ou unha sanción de inspección de traballo que sea considerada grave."

Emenda nº33, ao apartado 1, de Adición. Artigo 84

Débese engadir ao remate do punto 1 o seguinte texto:

"Os concellos estarán obrigados a establecer equipos específicos de inclusión tal como recolle a presente normativa, para o que recibirán apoio orzamentario da Xunta de Galicia. "

Emenda nº34, ao apartado 1, de Supresión. Disposición transitoria primeira

Débese suprimir ao remate do punto 1. a seguinte expresión:

"Só se poderá conceder unha axuda deste tipo cada dous anos."

Emenda nº35, ao apartado 2, de Supresión. Disposición transitoria primeira

Débese suprimir ao remate do punto 2. a seguinte expresión:

"Só se poderá conceder unha axuda deste tipo cada cinco anos."

Emenda nº36, ao apartado 3, de Supresión. Disposición transitoria primeira

Débase suprimir ao remate do punto 3. a seguinte expresión:

"Só se poderá conceder unha axuda deste tipo cada dous anos."

Emenda nº37, ao apartado 4, de Supresión. Disposición transitoria primeira

Débase suprimir ao remate do punto 4. a seguinte expresión:

"Só se poderá conceder unha axuda deste tipo unha vez ao ano."

Emenda nº38, de Substitución. Exposición de motivos

Débase substituir, a partir do parágrafo 3 ata o 14, polo seguinte texto:

"Durante os últimos anos de forma máis profunda teñense producido neste país procesos de incremento da desigualdade social así como un exponencial crecemento das persoas en risco de Exclusión, é por iso que compre establecer mecanismos públicos de protección que sirvan de ferramenta para evitar a exclusión social, de xeito que o acceso a uns niveis mínimos de ingresos estean garantidos máis aló dos diferentes ciclos económicos. Unha sociedade que incrementa a desigualdade, que desprotexe a case unha cuarta parte da súa poboación e que non é capaz de integrar socio-laboralmente a unha parte importante da súa cidadanía é unha sociedade que necesita d unha revisión en profundidade.

A imposición das políticas de austeridade que emanan das corporacións internacionais, así como dos gobernos supranacionais, son parte do problema que provoca esta situación de desigualdade, por iso no exercicio da soberanía competencial que recolle o estatuto de Galicia, debemos articular medidas que axuden a incorporan a nosa xente o traballo, e garantir un niveis de dignidade cidadá mínima, para evitar un estoupido social, que sen dúbida se producirá, se non

somos capaces de introducir mecanismos de axuda áxiles e eficaces que eviten as alarmantes cifras de desemprego, exclusión e desatención social do noso país.

Segundo datos da rede europea contra a pobreza, no noso país case unha de cada catro persoas está en situación de exclusión social, e case un terzo da poboación galega é incapaz de afrontar gastos imprevistos na súa economía familiar.

Compre polo tanto actuar de xeito decido para superar esta situación, a propia constitución Española, recolle no seu artigo 9, recolle e establece a obriga dos poderes públicos a remover os obstáculos que impidan a ou dificulten a plenitude de integración e participación dos cidadáns na vida política, económica, cultural e social, o que supón a obriga de articular políticas que avancen na erradicación real da pobreza e desigualdade na que vive unha grande parte da nosa xente.

Estes obxectivos son recoñecidos incluso dentro dos principios establecidos no Ano europeo de Loita contra a Pobreza e Exclusión Social, onde se destacan o recoñecemento de dereitos as persoas que viven en esta situación, Así o seu documento estratéxico recollía; “ Recoñecer o dereito fundamental das persoas que se encontran en situación de exclusión social a vivir con dignidade e desempeñar un papel activo na sociedade”. Deste xeito recomendábase a acción pública encamiñada a fomentar a autonomía destas persoas, a través do acceso a uns ingresos dignos, e os servizos de interese xeral e ao mercado de traballo, pero estas consideracións teñense convertido en recomendación baleiras, xa que a política económica antepón o control do déficit e a austeridade mal entendida, a calquera outra acción económica, e polo tanto o esquecemento destas recomendacións que a día de hoxe son papel mollado, por iso compre, avanzar cara unha renda de inclusión social Galega, que garanta un principios para a mesma de Universalidade, Individualidade, incondicionalidade, Prevención e Inclusión.

A Renda social Galega debe ser de carácter universal polo mero feito de residir en Galicia, debe de avanzar no carácter individual da mesma, non debe identificarse coa marxinalidade e precisa acadar a integración social plena das persoas que sofren procesos de exclusión. En calquera caso o exercicio efectivo dos dereitos de cidadanía necesitan de que tódalas persoas contén con recursos económicos suficientes para poder levar a cabo unha vida autónoma, digna e de calidade, situación que dependen en grande medida do acceso o mercado de traballo. Ademais compre acadar unha protección social suficiente, que contemple entre outras, acceso saúde, prestacións sanitarias adecuadas, educación de calidade,



acceso a vivenda digna, e convivir nun medio ambiente protexido.

Por todo o anterior, debemos camiñar o establecemento dunha renda social Galega, definida como un ingreso económico pagado polo sector público a cada cidadán , independentemente da súa relación presente, pasada ou futura co mercado de traballo, e sen ter en conta con quen conviva."

Asinado dixitalmente por:

**Juán Manuel Fajardo Recouso na data 26/06/2013
17:46:12**

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 26/06/2013 17:46:22

**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI DE GARANTÍAS DE PRESTACIÓNS
SANITARIAS (NUM. EXPE. 09/PL-000009).**

Emenda nº1, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 11

Débese substituír o texto do apartado 1 do artigo 11, que quedará redactado como segue a continuación:

"1. Garántese o dereito dos usuarios á libre elección de médico de familia, pediatra e persoal de enfermaría para a prestación de asistencia sanitaria en atención primaria. "

Emenda nº2, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 20

Débese modificar o texto do apartado 2 do artigo 20, no seguinte senso:

Onde di: "...designar un representante para que sirva de interlocutor co médico..."

Debe dicir: "...designar un representante, e un substituto no seu caso, para que sirva de interlocutor co médico..."

Emenda nº3, de Substitución. Artigo 23

Débese substituír o texto do artigo 23, que quedará redactado como segue a continuación:

"Os documentos de instrucións previas, formalizados de acordo co artigo anterior, poderanse inscribir no Rexistro galego de instrucións previas coa finalidade de dar a coñecer a súa existencia e contido ás persoas debidamente autorizadas. A organización e o funcionamento do Rexistro galego de instrucións previas establecerase regulamentariamente."



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2013 16:34
Nº Rexistro: 9401
Data envío: 26/06/2013 16:34:48.240

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 26/06/2013 16:34:37

**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO
SOCIALISTAS DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI DE GARANTÍAS DE
PRESTACIÓNS SANITARIAS (NUM. EXPE. 09/PL-000009).**

Emenda nº1, ao apartado a, de Supresión. Artigo 1

Débese suprimir na primeira liña da letra a do artigo 1 a seguinte expresión:

Suprimir: "...no ámbito hospitalario..."

Emenda nº2, ao apartado a, de Supresión. Artigo 1

Débese suprimir na segunda liña da letra a do artigo 1 a seguinte expresión:

Suprimir: "..., financiada publicamente..."

Emenda nº3, ao apartado b, de Supresión. Artigo 1

Débese suprimir ao final da letra b do artigo 1 a seguinte expresión:

Suprimir: "..., así como de hospital ou complexo hospitalario."

Emenda nº4, ao apartado b, de Adición. Artigo 1

Engadir ao final da letra b do artigo 1 a seguinte expresión:

Engadir in fine: "..., e en condicións de igualdade en todo o territorio dentro da área sanitaria que lle corresponde."

Emenda nº5, ao apartado a, de Modificación. Artigo 3

Débese modificar na letra a do artigo 3 a seguinte expresión:

Onde di: "..., atender en consultas externas ou realizar unha proba diagnóstica ou terapéutica..." debe dicir: "..., atender en

consultas externas (primeiras e sucesivas) ou realizar unha proba diagnóstica ou terapéutica..."

Emenda nº6, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 4

Débese modificar o contido do punto 1 do artigo 4 que quedará redactado co seguinte contido:

"1. Serán beneficiarios das garantías establecidas nesta lei as persoas titulares dos dereitos á protección da saúde e a atención sanitaria establecido no artigo 4 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia."

Emenda nº7, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 5

Débese suprimir na primeira liña do punto 1 do artigo 5 a seguinte expresión:

Suprimir: "...hospitalaria..."

Emenda nº8, ao apartado 1.b, de Adición. Artigo 5

Débese engadir ao final da letra b do punto 1 do artigo 5 a seguinte expresión:

Engadir in fine: "...primeiras e sucesivas."

Emenda nº9, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 5

Débese modificar o punto 2 do artigo 5, que quedará redactado co seguinte contido:

"2. O Servizo Galego de Saúde garantirá a equidade e a igualdade na aplicación desta lei a todas as persoas beneficiarias da mesma en todo o territorio galego".

Emenda nº10, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 5

Débese modificar o punto 3 do artigo 5 que quedará redactado co seguinte contido:

"3. As situacións clínicas nas que se aplicarán os tempos máximos de espera se rexerán polos seguintes criterios:

a) Gravidade das patoloxías motivo da atención: patoloxías que na súa evolución posterior orixinan risco de morte ou de discapacidade ou diminúen de forma importante a calidade de vida.

b) Efectividade da atención sanitaria: actuacións que aumenten a supervivencia, diminúan a discapacidade ou melloren a calidade de vida do usuario.

c) Oportunidade da atención sanitaria: actuacións temperás que favorezan a recuperación da funcionalidade, eviten a progresión da enfermidade ou as súas secuelas."

Emenda nº11, ao apartado 4, de Supresión. Artigo 5

Débase suprimir o punto 4 do artigo 5.

Emenda nº12, ao apartado 6, de Supresión. Artigo 5

Débase suprimir o punto 6 do artigo 5.

Emenda nº13, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 7

Débase modificar o punto 2 do artigo 7 a seguinte expresión:

Onde di: "...a realización da prestación no centro da rede pública que teña escollido..." debe dicir: "...a realización da prestación no centro ou centros da rede pública da súa área sanitaria que teña escollido..."

Emenda nº14, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 7

Débase modificar o punto 3 do artigo 7 que quedará redactado co seguinte contido:

"3. No caso de que a espera prevista supere o tempo máximo establecido para a prestación da asistencia sanitaria, o Servizo Galego de Saúde deberá ofertar a realización da prestación noutro centro asistencial do sistema sanitario público de Galicia garantindo a accesibilidade das persoas doentes."

Emenda nº15, ao apartado 3, de Adición. Artigo 7

Débase engadir un novo punto 3 bis (inmediatamente despois do punto 3) que quedará redactado co seguinte contido:

"3 bis. Cando por motivo da alta demanda asistencial, algún centro sanitario da rede pública galega se afaste dos prazos previstos nesta lei, se avaliará polas autoridades competentes a necesidade de incrementar recursos materiais e humanos para axustarse ás garantías de espera que nesta lei se definen."

Emenda nº16, ao apartado 4, de Modificación. Artigo 7

Débase modificar o punto 4 do Artigo 7 que quedará redactado co seguinte contido:

"4. Se a cita para ser atendido non se puidera obter nos centros asistenciais do sistema sanitario público galego dentro do prazo máximo establecido se pasará a ofertar esa atención nun centro concertado, garantíndose en todo caso a accesibilidade dos e das doentes. Neste caso, o Servizo Galego de Saúde deberá asumir directamente o pagamento dos gastos derivados da atención sanitaria."

Emenda nº17, ao apartado 5, de Supresión. Artigo 7

Débase suprimir o punto 5 do artigo 7.

Emenda nº18, ao apartado 5, de Adición. Artigo 7

Débase engadir un novo punto 5 bis no artigo 7 que quedará redactado co seguinte contido:

"5 bis. Os desprazamentos derivados da aplicación desta lei serán cubertos pola Administración autónoma."

Emenda nº19, ao apartado 1.c, de Supresión. Artigo 8

Débese suprimir da letra c do punto 1 do artigo 7 a seguinte expresión:
Suprimir: "...ou disfuncións graves..."

Emenda nº20, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 8

Débese modificar o punto 2 do artigo 8 a seguinte expresión:
Onde di: "...do tempo máximo de acceso restablecerase unha vez que desaparezan..." debe dicir: "...do tempo renovarase unha vez que desaparezan..."

Emenda nº21, ao apartado 1.c, de Supresión. Artigo 9

Débese suprimir o contido da letra c do punto 1 do artigo 9.

Emenda nº22, ao apartado 1.e, de Supresión. Artigo 9

Débese suprimir o contido da letra e do punto 1 do artigo 9.

Emenda nº23, ao apartado 1.f, de Supresión. Artigo 9

Débese suprimir a letra f do punto 1 do artigo 9.

Emenda nº24, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 9

Débese modificar o punto 2 do artigo 9 que quedará redactado co seguinte contido:

"2. No suposto previsto no punto d) anterior, o usuario continuará no Rexistro de Pacientes en Espera aínda que perda a garantía respecto a esa atención."

Emenda nº25, ao apartado d, de Adición. Artigo 10

Débese engadir ao final da letra de do artigo 10 a seguinte expresión:

Engadir in fine: "..., o cal se compromete a custodiar e responsabilizarse de dita información."

Emenda nº26, ao apartado 1, de Adición. Artigo 11

Débase engadir ao final do punto 1 do artigo 11 a seguinte expresión:

Engadir in fine: "...en condicións de equidade e igualdade en todo o territorio."

Emenda nº27, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 11

Débase suprimir o contido do punto 2 do artigo 11.

Emenda nº28, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 12

Débase suprimir no punto 1 do artigo 12 a seguinte expresión:
Suprimir: "..., así como de centro ou complexo hospitalario,..."

Emenda nº29, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 12

Débase modificar o punto 3 do artigo 12 que quedará redactado co seguinte contido:

"3. A solicitude para o exercicio do dereito á libre elección de médico de familia, pediatra ou persoal de enfermería quedará supeditada ao cupo de cada profesional que non poderá exceder ao contemplado no vixente Plan de mellora de Atención Primaria."

Emenda nº30, ao apartado 4, de Supresión. Artigo 12

Débase suprimir o contido do punto 4 do artigo 12.

Emenda nº31, ao apartado 5, de Adición. Artigo 12

Débese engadir ao final do punto 5 do artigo 12 a seguinte expresión:

Engadir in fine: "...así como o de planificación sanitaria."

Emenda nº32, ao apartado 2.d, de Supresión. Artigo 13

Débese suprimir o contido da letra d do punto 2 do artigo 13.

Emenda nº33, ao apartado 2.d, de Adición. Artigo 13

Débese engadir unha nova letra d bis no punto 2 do artigo 13 que quedará redactada co seguinte contido:

"2 d bis) Non se poderá optar por aqueles profesionais do sistema público de saúde que teñan o seu cupo completo."

Emenda nº34, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 13

Débese suprimir o contido do punto 3 do artigo 13.

Emenda nº35, ao apartado 1, de Adición. Artigo 14

Débese engadir antes do punto e seguido no punto 1 do artigo 14 a seguinte expresión:

Engadir despois de: "...de enfermería no ámbito da asistencia primaria." a seguinte expresión: "..., atendendo o recollido no vixente Plan de mellora de Atención Primaria."

Emenda nº36, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 14

Débese modificar o punto 3 do artigo 14 que quedará redactado co seguinte contido:

"3. O Servizo Galego de Saúde asumirá os gastos de desprazamento que se xeren para recibir a atención sanitaria no marco do contemplado nesta lei."

Emenda nº37, ao apartado 3, de Adición. Artigo 14

Débase engadir un novo punto 3 bis no artigo 14 que quedará redactado co seguinte contido:

"3 bis. Se habilitará un rexistro de queixas en cada área sanitaria para identificar as posibles disfuncións da aplicación desta lei."

Emenda nº38, ao apartado 2.a, de Modificación. Artigo 15

Débase modificar a letra a do punto 2 do artigo 15 que quedará redactada co seguinte contido:

"a) Toda persoa que diagnosticada dunha enfermidade especialmente grave solicite contrastar o diagnóstico ou un tratamento especialmente agresivo."

Emenda nº39, ao apartado 2.b, de Supresión. Artigo 15

Débase suprimir o contido da letra b do punto 2 do artigo 15.

Emenda nº40, ao apartado 4, de Adición. Artigo 15

Débase engadir un novo punto 4 bis no artigo 15 que quedará redactado co seguinte contido:

"4 bis. Inspección médica será a encargada de confirmar, valorando cada caso de forma inmediata, o dereito doente a segunda opinión."

Emenda nº41, ao apartado 4, de Adición. Artigo 15

Débase engadir un novo punto 4 ter no artigo 15 que quedará redactado co seguinte contido:

"4 ter. Será a Administración autonómica a que asuma os gastos de desprazamento do paciente e dun familiar, no caso en que as condicións do doente así o aconsellen, para recibir a segunda opinión."

Emenda nº42, de Modificación. Artigo 16

Débese modificar os puntos 1 e 2 do artigo 16 polo seguinte contido:

"As limitacións ao dereito á segunda opinión médica no sistema sanitario público galego veñen determinadas polo establecido no Decreto 205/2007, do 27 de setembro, polo que se regula o dereito á segunda opinión médica no sistema sanitario público galego."

Emenda nº43, de Supresión. Artigo 18

Débese suprimir todo o artigo 18.

Emenda nº44, ao apartado 2, de Adición. Artigo 20

Débese engadir un novo punto 2 bis no artigo 20 que quedará redactado co seguinte contido:

"2 bis. O sistema público de saúde habilitará uns profesionais en cada área sanitaria para a elaboración deste documento."

Emenda nº45, ao apartado 2, de Adición. Artigo 21

Débese engadir ao final do punto 2 do artigo 21 a seguinte expresión:

Engadir in fine: "...e en condicións de igualdade en todo o territorio galego."

Emenda nº46, ao apartado 2, de Adición. Artigo 22

Débese engadir un novo punto 2 bis no artigo 22 que quedará redactado co seguinte contido:

"2 bis. Se posibilitará que o acceso ao Rexistro Galego de Instrucións Previas se realice en condicións de igualdade en todo o territorio galego."

Emenda nº47, ao apartado 2, de Adición. Artigo 22

Débese engadir un novo punto 2 ter no artigo 22 que quedará redactado co seguinte contido:

"2 ter. O persoal do sistema público de saúde se encargarán de informar e axudar á cidadanía galega a coñecer a existencia e o funcionamento deste rexistro."

Emenda nº48, ao apartado 1, de Adición. Artigo 25

Débese engadir ao final do punto 1 do artigo 25 a seguinte expresión:

Engadir in fine: "...sistema de información que sexa accesible e garanta a súa comprensión por todas as persoas destinatarias."

Emenda nº49, ao apartado 1, de Adición. Artigo 26

Débese engadir ao final do punto 1 do artigo 26 a seguinte expresión:

Engadir in fine: "...tal que permita incorporar achegas feitas por parte dos grupos parlamentarios. Se incluírán datos relativos ás características das ofertas de prestacións alternativas, en particular, a titularidade dos centros e a súa localización respecto do domicilio do paciente, e aos custos das derivacións programadas ao sistema concertado e dos reembolsos ao sistema privado."

Emenda nº50, ao apartado 2, de Adición. Artigo 26

Débese engadir un novo punto 2 bis no artigo 26 que quedará redactado co seguinte contido:

"2 bis. Dito informe detallará o número de pacientes derivados os centros concertados e privados describindo as razóns que motivaron esas derivacións."

Emenda nº51, ao apartado 2, de Adición. Artigo 26

Débese engadir un novo punto 2 ter no artigo 26 que quedará redactado co seguinte contido:

"2 ter. Quedará reflectido en dito informe os desprazamentos dos doentes orixinados por mor do cumprimento da lei de garantías."

Emenda nº52, ao apartado 2, de Adición. Artigo 26

Débese engadir un novo punto 2 quater no artigo 26 que quedará redactado co seguinte contido:
"2 quater. De igual forma se remitirá o informe anual ao Consello Galego de Saúde."

Emenda nº53, de Modificación. Artigo 27

Débese modificar o artigo 27 a seguinte expresión:
Onde di: "O Servizo Galego de Saúde facilitará información semestral a toda a cidadanía, ..." debe dicir: "O Servizo Galego de Saúde facilitará información trimestral a toda a cidadanía, ..."

Emenda nº54, de Adición. Artigo 27

Débese engadir un novo parágrafo bis no artigo 27 que quedará redactado co seguinte contido:
"Facilitará tamén o número de persoas que queden temporalmente excluídas ou perderan a garantía así como as motivacións para elo."

Emenda nº55, de Adición. Artigo 27

Débese engadir un novo parágrafo ter no artigo 27 que quedará redactado co seguinte contido:
"Se publicarán así mesmo as esperas de Atención Primaria que existan en cada momento."

Emenda nº56, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 28

Débese modificar o punto 2 do artigo 28 polo seguinte contido:

"2. O Servizo Galego de Saúde disporá dos mecanismos que faciliten a información individualizada do proceso."

Emenda nº57, ao apartado 1, de Adición. Artigo 28

Débese engadir ao final do punto 1 do artigo 28 a seguinte expresión:

Engadir in fine: "...No suposto que non sexa posible entregar de xeito directo a información aos usuarios, esta seralle remitida ao domicilio que se indique, no soporte que elixa a persoa usuaria."

Emenda nº58, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 29

Débese suprimir na primeira liña do punto 2 do artigo 29 a seguinte expresión:

Suprimir: "...hospitalaria..."

Emenda nº59, ao apartado 4, de Adición. Artigo 29

Débese engadir ao final do punto 4 do artigo 29 a seguinte expresión:

Engadir in fine: "...sen que o feito de quedar excluído temporalmente ou perder a garantía poida supoñer a saída do mesmo."

Emenda nº60, ao apartado 5, de Supresión. Artigo 29

Débese suprimir o punto 5 do artigo 29.

Emenda nº61, ao apartado g, de Adición. Artigo 31

Débese engadir unha nova letra g bis no artigo 31 que quedará redactada co seguinte contido:

"g bis) Compromiso por parte da Comunidade Autónoma de aceptación dos gastos de desprazamento."

Emenda nº62, de Adición. Disposición transitoria bis

Débase engadir unha nova Disposición transitoria bis que quedará redactada co seguinte contido:

"A entrada en vigor desta lei, o Goberno galego deberá ter posto a disposición pública a información relativa ao estado real da espera en Galicia, coa publicación da lista estrutural e non estrutural."

Emenda nº63, de Adición. Disposición transitoria ter

Débase engadir unha nova Disposición transitoria ter que quedará redactada co seguinte contido:

"Con independencia do regulado no Capítulo V desta lei, a Xunta de Galicia, no prazo máximo dun ano dende a aprobación desta lei, propondrá unha normativa legal sobre a morte digna."

Emenda nº64, de Supresión. Disposición derradeira primeira

Débase suprimir a Disposición derradeira primeira.

Emenda nº65, de Adición. Disposición derradeira terceira

Débase engadir un novo parágrafo na Disposición derradeira terceira que quedará redactado co seguinte contido:

"En todo caso, a normativa de desenvolvemento, deberá contar co informe previo por parte do Consello Galego de Saúde."

Emenda nº66, de Supresión. Disposición derradeira cuarta

Débase suprimir a Disposición derradeira cuarta.

Emenda nº67, de Supresión. Exposición de motivos

Débese suprimir no segundo epígrafe no primeiro parágrafo da exposición de motivos a seguinte expresión:
Suprimir: "...así como de centro hospitalario..."

Emenda nº68, de Adición. Exposición de motivos

Débese engadir ao final do terceiro parágrafo no segundo epígrafe da exposición da motivos a seguinte expresión:
Engadir in fine: "...dentro do sistema público de saúde."

Emenda nº69, de Supresión. Exposición de motivos

Débese suprimir o quinto parágrafo do segundo epígrafe da exposición de motivos.

Emenda nº70, de Modificación. Exposición de motivos

Débese modificar o sexto parágrafo do segundo epígrafe da exposición de motivos:
Debe comezar o parágrafo da seguinte maneira:"As estratexias de xestión..."

Emenda nº71, de Supresión. Exposición de motivos

Débese suprimir na última liña do sétimo parágrafo do segundo epígrafe da exposición de motivos a seguinte expresión:
Suprimir: "...sociais..."

Emenda nº72, de Modificación. Exposición de motivos

Débese modificar o oitavo parágrafo do segundo epígrafe da exposición de motivos que quedará redactado co seguinte contido:
"E todo isto reforzado coa introdución de novos obxectivos nos acordos de xestión vinculados a incentivos, sen que isto conleve unha modificación na forma retributiva dos e das profesionais."

Emenda nº73, de Supresión. Exposición de motivos

Débese suprimir no primeiro parágrafo do terceiro epígrafe a seguinte expresión:

Suprimir: "..., ao cal hai que unir a elección do centro hospitalario"

Emenda nº74, de Adición. Exposición de motivos

Débese engadir no segundo parágrafo do terceiro epígrafe a seguinte expresión:

Despois de: "...a calidade de vida,..." engadir: "...ou unha enfermidade que precise un tratamento con alto risco..."

Emenda nº75, de Supresión. Exposición de motivos

Débese suprimir no primeiro parágrafo do cuarto epígrafe a seguinte expresión:

Suprimir: "...e centro hospitalario..."

Emenda nº76, de Supresión. Exposición de motivos

Débese suprimir ao final do terceiro parágrafo do cuarto epígrafe a seguinte expresión:

Suprimir: "...así como de centro hospitalario"

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 26/06/2013 16:58:26

**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO BLOQUE
NACIONALISTA GALEGO AO PROXECTO DE LEI DE GARANTÍAS DE
PRESTACIÓNS SANITARIAS (NUM. EXPE. 09/PL-000009).**

Emenda nº1, de Modificación. Proxecto de lei de garantías de prestacións sanitarias

Débase revisar a linguaxe sexista en toda a redacción da lei.

Emenda nº2, ao apartado 1, de Adición. Artigo 4

Débase engadir ao final do punto 4.1, despois de “normativa vixente”, o seguinte texto:

"así como a toda persoa residente en Galiza e quei dispoña da tarxeta sanitaria galega sexa cal sexa o seu réxime de protección sanitaria."

Emenda nº3, de Adición. Artigo 7

Débase engadir un novo punto co seguinte texto:

"Os tempos máximos de espera deben constar como obxectivo prioritario nos Acordos de Xestión que se asinan anualmente entre o Sergas e as xerencias das áreas de xestión integradas, para o seu cumprimento dentro da rede da sanidade pública galega.

O cumprimento deste obxectivo será un requisito para que o persoal directivo dos servizos sanitarios públicos reciba o complemento variable agás que poidan xustificar o non cumprimento por problemas estruturais e presenten, ao mesmo tempo, un plan funcional para resolver os problemas e poder cumprir obxectivos o ano seguinte".

Emenda nº4, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 7

No apartado 3 do artigo 7, débese suprimir a expresión:

‘ou nun centro concertado’.

Emenda nº5, ao apartado 4, de Supresión. Artigo 7

Débese eliminar o punto 4 do artigo 7

Emenda nº6, ao apartado 5, de Supresión. Artigo 7

Débese suprimir o apartado 5 do artigo 7

Emenda nº7, ao apartado b), de Adición. Artigo 9

Débese engadir no apartado b) do artigo 9, despois de "voluntariamente", o seguinte texto:

“...de forma expresa e por escrito”

Emenda nº8, ao apartado c), de Adición. Artigo 9

Débese engadir no apartado c) do artigo 9, no medio da segunda línea, despois de "servizo", o seguinte texto:

“...público”

Emenda nº9, ao apartado c), de Adición. Artigo 9

Débese engadir no apartado c) do artigo 9, ao final da segunda línea despois de "centros", a seguinte expresión:

"...públicos."

Emenda nº10, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 11

Ao final do punto 2 do artigo 11 débese suprimir o seguinte texto:

"...por un problema de saúde novo."

Emenda nº11, ao apartado 2, de Adición. Artigo 11

Débese engadir no apartado 2 do artigo 11, despois de: "...o dereito dos usuarios á elección", o seguinte texto:

"...de profesional hospitalario e..."

Emenda nº12, ao apartado 3, de Adición. Artigo 11

Débese engadir un novo punto no artigo 11, que sería o 3 (o 3 pasaría a ser o 4), co seguinte texto:

"Estableceranse os mecanismos para que a libre elección de profesional hospitalario e de centro ou complexo hospitalario non supoña a ruptura do actual modelo sanitario. Garantizarase o traballo en equipos multidisciplinares, a coordinación entre atención primaria e hospitalaria e a planificación dos recursos en función das necesidades de cada zona de xeito que se evite a concentración da asistencia nos centros hospitalarios máis grandes."

Emenda nº13, ao apartado 1, de Adición. Artigo 12

No punto 1 do artigo 12, débese engadir na segunda liña despois de: "...así como", o seguinte texto:

"...de profesional hospitalario."

Emenda nº14, ao apartado 4, de Adición. Artigo 12

No apartado 4 do artigo 12, débese engadir na primeira liña despois de "...á libre elección", o seguinte texto:

"...de profesional hospitalario,..."

Emenda nº15, ao apartado 3, de Adición. Artigo 13

No apartado 3 do artigo 13, débese engadir despois de "...asignación", o seguinte texto:

"de profesional hospitalario"

Emenda nº16, ao apartado 1, de Adición. Artigo 14

No apartado 1 do artigo 14, débese engadir na liña 3 despois de "...primaria", o seguinte texto:

"en ningún caso se aumentarán as ratios establecidas no plan de mellora da atención primaria"

Emenda nº17, ao apartado 2.d), de Adición. Artigo 15

Débese engadir un novo punto no apartado 2 do artigo 15, co seguinte texto:

"2. d) Enfermidades graves con causa hereditaria claramente definida así como calquera outra enfermidade que a Consellaría de Sanidade decida regulamentariamente."

Emenda nº18, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 21

Débese substituír o texto do apartado 1 do artigo 21 polo seguinte:

"1.- A Administración sanitaria adoptará as medidas necesarias para garantir a vontade das/dos pacientes recollida no documento de instrucións previas. Informarase a pacientes e familias das posibilidades que esta lei proporciona para formalizar as instrucións previas."

Emenda nº19, de Adición. Artigo 23

No artigo 23, débese engadir un novo parágrafo co seguinte texto:

"A formalización das instrucións previas no Rexistro Galego de Instrucións previas e a súa consulta por profesionais e persoas autorizadas será gratuito."

Emenda nº20, ao apartado 1, de Adición. Artigo 24

No punto 1 do artigo 24. débese engadir despois de: "Servizo Galego de Saúde", o seguinte texto:

"...contarán cunha unidade específica de información de indicadores de calidade dos profesionais e centros do Sergas e terán á disposición"

Emenda nº21, ao apartado 1, de Adición. Artigo 24

No punto 1 do artigo 24, na segunda liña, engadir despois de "...transparente", o seguinte texto:

"...comprensibel por calquera destinatari@ independentemente do seu perfil socio-cultural"

Emenda nº22, de Substitución. Artigo 27

No artigo 27 débese substituír o texto polo seguinte:

"O Servizo Galego de Saúde facilitará información continua 'on line' a toda a cidadanía, a través do seu portal web, sobre o número de pacientes que figuran en espera e o tempo medio de acceso para os distintos procedementos realizados por cada unha das especialidades e desagregados por centro sanitario e xénero. Incorporarase ao actual sistema, a información de listas non estruturais e sobre pacientes que están a agardar sen cita por atoparensen as axendas de persoal facultativo pechadas, e os rexistros en buzóns dinámicos. Do mesmo xeito proporcionarase información das derivacións realizadas de intervencións cirúrxicas e probas diagnósticas a centros concertados."

Emenda nº23, de Substitución. Disposición derradeira primeira

Débase substituír toda a disposición polo seguinte texto:

"Os tempos máximos de acceso que se establecen no artigo 5, só poderán ser modificados por norma de igual rango que a que os establece."

Emenda nº24, de Supresión. Disposición derradeira cuarta

Débase suprimir a disposición derradeira cuarta

Asinado dixitalmente por:

**Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 26/06/2013
17:46:03**

**María Montserrat Prado Cores na data 26/06/2013
17:46:15**

**EMENDAS PRESENTADAS POLOS GRUPOS PARLAMENTARIOS
ALTERNATIVA GALEGA DE ESQUERDA AO PROXECTO DE LEI DE
GARANTÍAS DE PRESTACIÓNS SANITARIAS (NUM. EXPE. 09/PL-000009).**

Emenda nº1, de Substitución. Proxecto de lei de garantías de prestacións sanitarias

Débase feminizar o texto de todo o proxecto de lei.

Emenda nº2, ao apartado a), de Adición. Artigo 1

Débase engadir no apartado a) in fine, a seguinte expresión:

"nos centros sanitarios do Servizo Galego de Saúde"

Emenda nº3, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 4

Débase substituir o texto do punto 1. polo seguinte:

"1. Serán beneficiarias/os das garantías establecidas nesta Lei con carácter universal todas as persoas que residan en municipios galegos, así coma as persoas transeúntes segundo os convenios europeos e internacionais ou co lugar de orixe."

Emenda nº4, ao apartado 1, de Adición. Artigo 5

Débase engadir, despois de: "...terán garantida esa atención..." a seguinte expresión:

"...en centros da rede do servizo Galego de Saúde..."

Emenda nº5, ao apartado 2, de Adición. Artigo 5

Débase engadir no punto 2, in fine, o seguinte texto:

"Tal sistema elaborarase coordinadamente con profesionais do Servizo Galego de Saúde, os seus representantes, axentes sociais e asociacións de pacientes e usuarios e deberá ser aprobado e posto en funcionamento tras a aprobación da presente Lei."

Emenda nº6, ao apartado 6, de Supresión. Artigo 5

Débese suprimir o punto 6.

Emenda nº7, ao apartado 2.d), de Adición. Artigo 6

Débese engadir no apartado d) do punto 2. o seguinte texto:

Despois de: "...para as condicións adecuadas para a súa realización,..."

Engadir o seguinte texto: "...estando acreditada médicamente dita necesidade de espera..."

Emenda nº8, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 7

Débese suprimir o punto 2.

Emenda nº9, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 7

Débese suprimir a seguinte expresión:

"ou nun centro concertado"

Emenda nº10, ao apartado 3, de Adición. Artigo 7

Débese engadir, in fine, no punto 3 o seguinte texto:

"Se a/o paciente rexeitase a realización da prestación fóra do seu centro de referencia, en todo caso, conservará a garantía e continuará figurando nas listaxes de espera. En caso de que o

centro da rede pública onde se oferte a asistencia pertenza a outra Área Sanitaria, a Consellería de Sanidade deberá aboar os gastos de traslado da/o paciente."

Emenda nº11, ao apartado 4, de Supresión. Artigo 7

Débese suprimir o punto 4.

Emenda nº12, ao apartado 5, de Supresión. Artigo 7

Débese suprimir o punto 5.

Emenda nº13, ao apartado 1.c), de Supresión. Artigo 9

Débese suprimir o apartado c) do punto 1.

Emenda nº14, de Supresión. Artigo 11

Débese suprimir o artigo 11.

Emenda nº15, de Supresión. Artigo 12

Débese suprimir o artigo 12.

Emenda nº16, de Supresión. Artigo 13

Débese suprimir o artigo 13.

Emenda nº17, de Substitución. Artigo 14

Débese substituir o texto do artigo 14, integrándoo no Cap. II, polo seguinte:

"Artigo 14.-

1. Coa finalidade de garantir a calidade asistencial, o Servizo Galego de Saúde establecerá o número adecuado de usuarias/os para cada médica/o de familia, pediatra, persoal de enfermaría e resto de profesionais no ámbito da atención primaria segundo os criterios do Plan da Mellora da Atención Primaria de Galicia ou os que fixen consensuadamente con profesionais, representantes de traballadoras/es, representantes de usuarias/os e resto da comunidade sanitaria. As usuarias/os deberán ser informadas/os, se así o solicitan, sobre o número de pacientes asignadas/os aos profesionais que atenden a súa saúde.

2. Con carácter xeral, o Servizo Galego de Saúde non asignará novas usuarias/o a unha/un profesional cando alcance o número máximo establecido. De forma excepcional, poderase superar este número de maneira provisoria mentres se crean as prazas de emprego públicas necesarias para cubrir a demanda."

Emenda nº18, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 15

Débase substituír o texto do punto 2 polo seguinte:

"2. A garantía de segunda opinión será aplicable a todos os casos contemplados na lexislación vixente, atendendo ao decreto 205/2007 e a maiores aos casos de enfermidades neoplásicas malignas."

Emenda nº19, ao apartado 1.e), de Substitución. Artigo 17

Débase substituír o texto do apartado e) do punto 1. polo seguinte:

"e) Cando a/o paciente menor de idade non sexa capaz intelectual nin emocionalmente de comprender, o dereito exercerao a/o representante legal da/o menor, oída a opinión de esta/e se ten doce anos cumpridos."

Emenda nº20, ao apartado 4, de Adición. Artigo 17

Débese engadir no punto 4., in fine, o seguinte texto:

"O pertinente regulamento deberá ser elaborado e aprobado coa maior inmediatez posible tras a aprobación desta Lei."

Emenda nº21, de Adición. Artigo 23

Débese engadir, in fine, o seguinte texto:

"Dita regulamentación deberá ser aprobada nun prazo non superior a un ano dende a entrada en vigor desta Lei."

Emenda nº22, ao apartado 4, de Adición. Artigo 24

Débese engadir un punto 4. co seguinte texto:

"4. As usuarias e usuarios teñen dereito a que a información se lles proporcione de maneira intelixible e adaptada ás posibles discapacidades visuais, auditivas, psíquicas ou de calquera outra índole."

Emenda nº23, ao apartado 5, de Adición. Artigo 24

Débese engadir un punto 5. co seguinte texto:

"5. As usuarias e usuarios teñen dereito a recibir a información en lingua galega, por ser a lingua oficial de Galicia."

Emenda nº24, ao apartado 6, de Adición. Artigo 24

Débese engadir un punto 6. co seguinte texto:

"6. Estes deberes na garantía da información serán aplicables a tódolos centros sanitarios concertados e privados que presten servizos sanitarios da carteira do Servizo Galego de Saúde en calquer momento."

Emenda nº25, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 26

Débase substituír o texto do punto 2. polo seguinte:

"2. Respecto dos tempos de resposta, dito informe incluírá os datos do ano inmediatamente anterior sobre o total de pacientes en espera, tanto dos que agora figuran nas listas estruturais coma nas non estruturais; O número de pacientes e motivos en perda das garantías; O número de pacientes e motivos de suspensión de garantías; As medidas correctoras encamiñadas a mellorar a atención sanitaria no Sistema Público de Saúde de Galicia para evitar a superación no mesmo, dos referidos tempos máximos de resposta."

Emenda nº26, ao apartado 3, de Adición. Artigo 26

Débase engadir un punto 3. co seguinte texto:

"3. O informe deberá tamén incluír: datos sobre o número de Instrucións Previas rexistradas; Número de Segundas Opinións solicitadas, denegadas e concedidas; Número de persoas non beneficiarias dos dereitos de devandita Lei e motivos para a súa exclusión."

Emenda nº27, de Substitución. Artigo 27

Débase substituír a seguinte expresión:

Onde di: "...información semestral..." debe dicir: "...información trimestral..."

Emenda nº28, de Adición. Artigo 27

Débase engadir, despois de: "...a través do seu portal web..." a seguinte expresión:

"...e físicamente en alomenos un punto de cada Área Sanitaria..."

Emenda nº29, de Adición. Artigo 27

Débese engadir, in fine, o seguinte texto:

"...tanto dos pacientes que agora figuran nas listas estruturais coma das non estruturais."

Emenda nº30, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 29

Débese suprimir no punto 2. a seguinte verba:

"...especialista..."

Emenda nº31, ao apartado 3, de Adición. Artigo 29

Débese engadir no punto 3. in fine, o seguinte texto:

"Dita regulamentación deberá ser aprobada coa maior brevidade posible e tendo en conta para a súa elaboración á comunidade sanitaria."

Emenda nº32, de Supresión. Disposición derradeira primeira

Débese suprimir a Disposición derradeira primeira.

Emenda nº33, de Supresión. Exposición de motivos

Débese suprimir no segundo paragrafo do apartado IV o seguinte texto

"O capítulo III refírese aos supostos do exercicio da libre elección de médico de familia, profesional de enfermaría e pediatría, así como do centro hospitalario."

Emenda nº34, ao apartado II, de Supresión. Exposición de motivos

Débese suprimir no apartado II a seguinte expresión:

"a libre elección de médico de familia, pediatra e de persoal de enfermaría, así como de centro hospitalario,"

Emenda nº35, ao apartado IV, de Supresión. Exposición de motivos

Débese suprimir no primeiro paragrafo do apartado IV a seguinte expresión:

"...á libre elección de médicos de familia, pediatras e persoal de enfermaría e centro hospitalario"

Emenda nº36, ao apartado III, de Supresión. Exposición de motivos

Débese suprimir a totalidade do primeiro paragrafo do apartado III, dende:

"A libre elección..." ata "...sen poñer en risco a saúde dos usuarios."

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 26/06/2013 17:42:36

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 26/06/2013 17:42:49

**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA AO PROPOSICIÓN DE LEI DE INICIATIVA LEXISLATIVA
POPULAR "VALENTÍN PAZ-ANDRADE", PARA O APROVEITAMENTO DA
LINGUA PORTUGUESA E VÍNCULOS COA LUSOFONÍA (NUM. EXPE.
09/PPLI-000004).**

Emenda nº1, de Substitución. Artigo 1

Débese substituír o texto do artigo 1, que quedará redactado como segue a continuación:

"O Goberno galego promoverá a incorporación do portugués como lingua estranxeira nos centros de ensinanza da Comunidade Autónoma de Galicia."

Emenda nº2, de Modificación. Artigo 2

Débese modificar o texto do artigo 2, no seguinte senso:

Onde di:

"A relación a todos os niveis cos países de lingua oficial portuguesa constituirá un obxectivo estratéxico do Goberno galego. De maneira especial..."

Debe dicir:

"Deberán ser promovidas así mesmo as relacións a todos os niveis cos países de lingua oficial portuguesa, constituíndo este un obxectivo estratéxico do Goberno galego. De maneira especial..."

Emenda nº3, de Substitución. Artigo 3

Débese substituír o texto do artigo 3, que quedará redactado como segue a continuación:

"A Xunta de Galicia promoverá e estimulará ante o Goberno da Nación, dende o recoñecemento ás particulares e especiais

limitacións tecnolóxicas e de financiamento para a súa efectiva implementación, a adopción de cantas medidas positivas resultasen necesarias para a aplicación das disposicións da Directiva 2007/65/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de Servizos de medios audiovisuais sen fronteiras, co fin de favorecer e permitir a reciprocidade das emisións televisivas e radiofónicas entre a Comunidade Autónoma de Galicia e a República de Portugal coa que comparte patrimonio lingüístico."

Emenda nº4, de Substitución. Exposición de motivos

Débase substituír o texto da Exposición de motivos, polo que segue a continuación:

"No actual mundo globalizado, os organismos galegos comprometidos co aproveitamento das potencialidades de Galicia, deben valorizar o galego como unha lingua con utilidade internacional, algo que indicou no seu debido tempo o autor a que foi dedicado o Día da letras 2012, que chegou a exercer como vicepresidente da Comissão Galega do Acordo Ortográfico da Língua Portuguesa.

O portugués nacido na vella Gallaecia, é idioma de traballo de vinte organizacións internacionais, incluída a UE, así como lingua oficial de nove países e do territorio de Macau, na China. Entre eles figuran potencias económicas como o Brasil e outras economías emerxentes. É a lingua máis falada no conxunto do Hemisferio Sur.

É preciso fomentar o ensino e aprendizaxe do portugués, co obxectivo, entre outros, de que empresas e organismos públicos aproveiten a nosa vantaxe lingüística, un valor que evidencia a importancia mundial do idioma oficial dun país veciño, tendo en conta tamén o crecente papel de bloques como a Comunidade de Países de Língua Portuguesa.

A lingua propia de Galicia, polo feito de ser intercomprensible co portugués (bilingüismo inherente), outorga unha valiosa vantaxe competitiva á cidadanía galega en moitas vertentes, nomeadamente na cultural pero tamén na económica. Para isto, debemos dotarnos de métodos formativos e comunicativos que nos permitan desenvolvernos con naturalidade nunha lingua que nos é moi próxima e nos concede unha grande proxección internacional.



Por tanto, para a mellora do desenvolvemento social, económico e cultural galego, as autoridades deben promover todas cantas medidas fosen posibles para mellor valorizar esta vantaxe histórica."

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 26/06/2013 16:33:12

**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO
SOCIALISTAS DE GALICIA AO PROPOSICIÓN DE LEI DE INICIATIVA
LEXISLATIVA POPULAR "VALENTÍN PAZ-ANDRADE", PARA O
APROVEITAMENTO DA LINGUA PORTUGUESA E VÍNCULOS COA
LUSOFONÍA (NUM. EXPE. 09/PPLI-000004).**

Emenda nº1, de Adición. Artigo 1

Despois da expresión: "... ensino regrado. ...", débese engadir o seguinte texto: "... sen que en ningún caso supoña una redución das horas docentes do galego como lingua oficial. ... "

Emenda nº2, ao apartado , de Adición. Artigo 3

Débese engadir un novo artigo 3 bis), que terá o seguinte contido:

"Artigo 3 bis). O Goberno galego realizará anualmente un informe en relación ao cumprimento desta lei, no que se farán constar, de xeito pormenorizado, as accións levadas a cabo, o seu custe e as previsións que efectúa para o exercicio seguinte. O dito informe remitirase ao Parlamento de Galicia."

Emenda nº3, de Adición. Disposición derradeira

Débese crear unha nova disposición derradeira que terá o seguinte contido:

"O Goberno galego no prazo máximo de catro meses dende a entrada en vigor desta lei, aprobará o decreto para o seu desenvolvemento regulamentario."

Emenda nº4, de Modificación. Exposición de motivos

Na primeira liña do primerio parágrafo da exposición de motivos débese substituír a expresión: "... os organismos galegos, ..." pola seguinte: "..., poderes públicos galegos,..."

Emenda nº5, de Modificación. Exposición de motivos

No parágrafo terceiro da exposición de motivos, na primeira liña, onde di: "... empresas e organismos públicos ...", debe dicir: "... empresas e institucións públicas ..."

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 26/06/2013 16:55:18

**EMENDAS PRESENTADAS POLOS GRUPOS PARLAMENTARIOS
ALTERNATIVA GALEGA DE ESQUERDA AO PROPOSICIÓN DE LEI DE
INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR "VALENTÍN PAZ-ANDRADE", PARA
O APROVEITAMENTO DA LINGUA PORTUGUESA E VÍNCULOS COA
LUSOFONÍA (NUM. EXPE. 09/PPLI-000004).**

Emenda nº1, de Adición. Artigo 2

Débese engadir un novo paragrafo co seguinte texto:

“Traballarase para o recoñecemento (sempre en clave de reciprocidade) das artes, para o intercambio de experiencias artísticas, audiovisuais, musicais, editoriais, e se implementarán os mecanismos de divulgación pertinentes desde as administracións públicas galega e as do espazo lusófono.”

Emenda nº2, de Adición. Artigo 3

Débese engadir un novo paragrafo co seguinte texto:

“Igualmente, a administración pública galega traballará institucionalmente para que a lingua galega sexa divulgada nos países do espazo da lusofonía a través dos medios de comunicación social propios ou establecendo convenios para crear programas nos medios de comunicación social do espazo lusófono.”

Emenda nº3, de Adición. Exposición de motivos

Débese engadir, antes do último parágrafo, un novo parágrafo co seguinte texto:

“A Lusofonía é un concepto enriquecedor para Galicia, e Galicia pode ser enriquecedora para a Lusofonía. Trátase de derrubar as fronteiras existentes para tender unha nova concepción cultural, que debe ser heteroxénea e



interdependente, asentada nos valores da cultura e afectividade, da solidariedade e horizontalidade, do pluralismo e da convivencia, da comunicación e intercomprensión, do diálogo e a cooperación, da reciprocidade e do recoñecemento das identidades que están en xogo”.

Asinado dixitalmente por:

José Javier Ron Fernández na data 26/06/2013 17:44:31

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA
ESTRUCTURA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

- 1.1.1. NORMAS APROBADAS
- 1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

- 1.2.1. INVESTIDURA
- 1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA
- 1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

- 1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓN DA XUNTA CON FORZA DE LEI
- 1.3.2. COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA
- 1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
- 1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓN OU PROPOSTAS DE COMISIÓN ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
- 1.3.5. MOCIÓN
- 1.3.6. PROPOSICIÓN NON DE LEI
- 1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS
- 1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

- 1.4.1. INFORMACIÓN REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA
- 1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
- 1.4.3. INTERPELACIÓN
- 1.4.4. PREGUNTAS
- 1.4.5. RESPUESTAS A PREGUNTAS
- 1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓN
- 1.4.7. RECONVERSIÓN POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓN

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓN E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

- 2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO
- 2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS
- 2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
- 2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓN E CORRECCIÓN DE ERROS

- 4.1. INFORMACIÓN
 - 4.2. CORRECCIÓN DE ERROS
-



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727